

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA, AUTOSERVIZO E RESTAURANTE NO EDIFICIO DA FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE, MEDIANTE PROCEDEMENTO RESTRINXIDO NON SUXEITO A REGULAMENTO HARMONIZADO, DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADO

CÓDIGO DO EXPEDIENTE: 03/2021

PORTADA. DESCRICIÓN DO CONTRATO

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Órgano de Contratación:

O órgano de contratación deste contrato é a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense)

Unidade administrativa xestora:

Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense)

Finca Sevilla, s/n

32005 Ourense

Teléfono: 988 36 60 30

Correo electrónico: expourense@expourense.org

Responsable do contrato (*Segundo o disposto no art. 62 da LCSP*):

O Director Xerente da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense)

Finca Sevilla, s/n

32005 Ourense

Teléfono: 988 36 60 30

Correo electrónico: expourense@expourense.org

Consultas relacionadas co expediente:

– Cláusulas administrativas

Tfnos. 988 36 60 30

Correo electrónico: expourense@expourense.org

– Cláusulas técnicas

Tfnos. 988 36 60 30

Correo electrónico: expourense@expourense.org

Perfil do contratante: <https://www.expourense.org/concursos-y-licitaciones/>

TIPIFICACIÓN DO CONTRATO

Esta contratación tipifícase como contrato administrativo de concesión de servizos, conforme ao establecido nos artigos 15 e 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP). O contrato non está suxeito a regulación harmonizada de acordo co establecido nos artigos 19 e 20 da LCSP.

TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A tramitación do procedemento será ordinaria consonte aos artigos 116 e 117 da LCSP. Tendo en conta que o obxecto do contrato e a concesión dun servizo especial dos recollidos no Anexo IV da LCSP, conforme ao establecido no artigo 131.2 da LCSP o contrato adxudicarase mediante o procedemento restrinxido regulado nos artigos 160 a 165 da LCSP.

Consonte ao artigo 162 da LCSP, **o número mínimo de empresas aos que se convidarán a participar no procedemento será de 5**, sempre e cando cumplan os criterios de selección.

Non se establece un número máximo. Cando o número de candidatas que cumplan os criterios de selección sexa inferior a ese número mínimo, o órgano de contratación poderá continuar o procedemento cos que reúnan as condicións esixidas, sen que poida convidarse a empresas que non solicitaran participar nel, ou a candidatos que non posúan as ditas condicións.

O procedemento restrinxido configúrase en dúas fases:

- Primeira fase (sobre A): esta primeira fase correspóndese co sobre A. Esta fase é independente da segunda e nela as interesadas en participar unicamente presentarán a documentación esixida para o sobre A, co obxecto de que o órgano de contratación proceda á selección das candidaturas que serán convidadas a presentar proposicións, con arranxo aos criterios obxectivos de solvencia que se determinan no **apartado H**, do cadro de características deste prego.

- Segunda fase (sobres B e C): nesta segunda fase aquelas licitadoras convidadas a participar presentarán a documentación correspondente aos sobres B e C. A adxudicación realizarase empregando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, que se detallan no **cadro de criterios de adxudicación** deste prego, por ser os axeitados para avaliar as proposicións segundo as características das prestacións que se deban realizar.

OBXECTO DO CONTRATO

O contrato ten por obxecto a concesión do servizo de xestión e explotación da cafetería, restaurante e autoservizo, así coma a venda de produtos típicos provinciais e rexionais aos visitantes foráneos que visiten as instalacións do edificio da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), de conformidade co prego de prescricións técnicas (no sucesivo PPT) e a documentación técnica que figura no expediente.

Todo isto levarase a cabo con estrita suxeición ao PPT cos seus anexos que rexen nesta contratación durante a vixencia do contrato.

CPV (Vocabulario común de contratos)

55100000-1 Servicios de hostalería.
55330000-2 Servizos de cafetería.
55900000-9 Servizos comerciais ao por menor.

División en lotes: o órgano de contratación estima, en atención ás características do contrato, que non é conveniente a división en lotes do contrato para garantir unha axeitada prestación deste e permitir un reparto de custo e beneficios entre as distintas prestacións incluídas nel.

Contrato reservado de conformidade coa D.A. 4ª: Non.

NECESIDADES ADMINISTRATIVAS QUE HAI QUE SATISFACER E IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACELAS (CLAUSULA 2.3)

Segundo o artigo 113 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e o artigo 3.1.e) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, como fundación que foi constituída cunha achega maioritaria pola Xunta de Galicia, é unha entidade pertencente ao sector público e, asemade, en virtude do artigo 3.3 da LCSP, participa da condición de poder adjudicador para os efectos desa lei. Así mesmo, constitúe o obxecto da Fundación "a promoción de actividades comerciais, turísticas, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais, deportivas, de fomento da prevención de riscos laborais, e calquera outra que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de todos os sectores da actividade económica, contribuíndo elo á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural".

O recinto feiral de Expourense inaugurouse no ano 1996. Desde entón, cada ano, máis de 100.000 persoas asisten aos diferentes eventos que se celebran nas súas instalacións, ademais do persoal da fundación e as empresas contratadas dos diferentes servizos (limpeza, mantemento, montaxe de feiras e eventos...).

Expourense carece dos medios persoais suficientes e idóneos para dar a axeitada satisfacción das necesidades que se pretenden cubrir coa contratación que se propón.

DISTRIBUCIÓN DE RISCOS

Segundo o capítulo III do Título II da LCSP, o risco operacional do contrato de concesión corresponde, en todo caso, a/ao contratista; a esixencia de que a persoa adjudicataria soporte unha parte significativa do risco operacional dáse no actual contrato, dado que se debe considerar que existe un risco de demanda, posto que a utilización do servizo de cafetería, autoservizo e restaurante non é obrigatorio para as persoas usuarias das instalacións, nin existe un número garantido de persoas usuarias.

Porén, existe un mínimo e inevitable gasto de persoal, uns servizos mínimos de oferta de menú e outros produtos de cafetería que se deben ofrecer obrigatoriamente a prezos

determinados e en horarios determinados. En consecuencia, non están garantidos os ingresos suficientes para o pagamento do canon, podendo mesmo producirse perdas sen que a adxudicataria poida renunciar a prestación do servizo, que estará obrigada a realizar nas condicións establecidas durante o tempo de vixencia do contrato. Polo exposto, pode afirmarse que hai transferencia de risco operacional ao/a contratista. En definitiva, atendendo ao obxecto contractual no que os ingresos proveñen das persoas usuarias maioritariamente e que existe unha transferencia de risco, a natureza xurídica do contrato bebe das características propias da concesión de servizos, regulado nos artigos 284 a 297 da LCSP.

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

A. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO CANON. RÉXIME DE PAGAMENTO DO CANON POLA ADXUDICATARIA (Art. 198 da LCSP e cláusula 9.15 do PCAP)

De conformidade co establecido no artigo 289 da LCSP, o canon da licitación polo servizo de cafetería, autoservicio e comedor fíxase a tanto alzado.

A concesión do servizo xera a obriga ao/a contratista de ingresar o canon establecido para o contrato. O importe deste canon devindicarase a partir da data de formalización do contrato.

O canon fixo anual que deba satisfacer o contratista será abonado a favor da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, da seguinte forma:

O ingreso do canon correspondente aos primeiros 12 meses deberá efectuarse nos trinta días naturais seguintes á sinatura do contrato. O ingreso relativo ás anualidades sucesivas do contrato deberá efectuarse no mes no que se inicie cada período natural de vixencia do contrato previa emisión e envío de factura.

Datos para o ingreso do canon:

Concepto: Canon cafetería EXPOURENSE

Beneficiario: Fundación Feiras e Exposicións de Ourense

Conta bancaria, IBAN: ES33 2080 5252 9730 4003 5425

Unha vez efectuado o ingreso do canon, a adxudicataria deberá achegar o xustificante ao Departamento de Administración de Expourense ao enderezo electrónico: expourense@expourense.org

B. CANON E VALOR ESTIMADO

B.1. CANON QUE DEBE SASTISFACER A ADXUDICATARIA:

Importe total do canon (60 meses): corenta e cinco mil euros (45.000,00 €)

Desagregación por anualidades:

Anualidade Canon

2022 9.000 €

2023 9.000 €

2024 9.000 €

2025 9.000 €

2026 9.000 €

Total 45.000 €

Importe total do canon no suposto de prórrogas do contrato (12 + 12 meses): dezoito mil euros (18.000 €).

Anualidade Canon

2027 9.000 €

2028 9.000 €

Total 18.000 €

Importe total do canon inicial máis as posibles prórrogas (84 meses): sesenta e tres mil euros (63.000 €).

O adxudicatario farase cargo dos consumos de electricidade, auga, e recollida de lixo que lle serán facturados trimestralmente pola Fundación, previa lectura de contadores. O adxudicatario asumirá tamén a titularidade dos contratos do subministro de gas natural e propano necesarios para o desenvolvemento da actividade.

B.2. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO (Art. 101 LCSP):

O cálculo do valor estimado do contrato, segundo consta no estudo de viabilidade, determinouse tendo en conta o seguinte:

☐ Os ingresos derivados da actividade feiral, tendo en conta que se celebran ao ano unha media de 10 feiras, de 3 días de media de duración cada unha cunha estimación de 50 comidas diarias servidas ao prezo de 12 € o menú. Ademais, os ingresos de cafés e outras bebidas servidas nos días de feira a unha media de 1,5 € de gasto por 60 consumicións.

☐ Os ingresos producidos pola venda de menús diarios e outras consumicións os días de celebración de competicións deportivas. Estímase ao ano 25 días de competición cunha media de 60 comidas por día ao prezo de 12 €/ menú ademais, consumicións de cafés, refrescos, etc. a un prezo medio de 1,5 estimando unha media de 50 consumicións ao día.

☐ Os ingresos derivados dos servizos de cafetería e restaurante o resto do ano estimando 250 días de apertura cunha media de 30 comidas por día ao prezo de 12 €/ menú e de 30 servizos de café, refrescos, etc. a un prezo medio de 1,5 €.

Importe neto da cifra de negocios en 12 meses (sen IVE): 141.285 €.

Duración do contrato: 60 meses.

Eventuais prorrogas ordinarias: 24 meses.

Modificacións: non previstas.

Primas ou pagamentos a candidatos ou licitadores: non previstas.

Valor estimado do contrato: setecentos seis mil catrocentos vinte e cinco euros (706.425 €).

C. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES

O canon establecido imputarase á conta de ingresos da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, conforme ao expresado no apartado A do cadro de características deste prego.

D. FINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA

Non.

E. REVISIÓN DE PREZOS (cláusula 3.2)

Non procede.

F. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN E ADMISIÓN DE PRÓRROGA (cláusulas 2.6 e 9.2 do PCAP e art. 29 da LCSP)

Data de inicio do contrato: a partir do día seguinte ao da súa formalización ou dende a data que se fixe no documento contractual.

Prazo máximo de execución do contrato: o prazo de execución do contrato será de 60 meses.

Posibilidade de prórroga ou prórrogas ordinarias: o contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas por un período de 12 meses cada unha. A prórroga é obrigatoria para a parte contratista, sempre que o seu aviso previo se produza cunha antelación mínima de dous meses respecto do remate do prazo de duración do contrato.

G. CRITERIOS OBXECTIVOS DE SOLVENCIA PARA PODER SER ELIXIDO CANDIDATO (cláusula 5)

G.0. OBRIGA DE ACREDITAR A SOLVENCIA:

Os/as licitadores/as **deberán acreditar a súa solvencia** de conformidade co disposto neste apartado do cadro de características. Estes requisitos a súa vez conforman os criterios obxectivos de solvencia con arranxo aos cales o órgano de contratación cursará as invitacións para participar no procedemento, cun mínimo de 5 empresas, sempre que sexa posible, en virtude do artigo 162 da LCSP.

Para acreditar a solvencia esixida, o/a empresario/a poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que tena con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade a que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

Nas mesmas condicións, os/as empresarios/as que concorran agrupados/as en unións temporais poderán recorrer as capacidades de entidades alleas á unión nos termos establecidos no artigo 75 da LCSP.

Cando a empresa desexe recorrer as capacidades doutras entidades, demostrará que vai dispor dos recursos necesarios mediante a presentación a tal efecto do compromiso por escrito de cada unha das ditas entidades (Anexo V).

G.1. CLASIFICACIÓN DOS/AS CONTRATISTAS:

Nesta contratación non se esixe clasificación, de conformidade co artigo 77.c) da LCSP.

G.2. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:

Os/as licitadores/as deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira polo medio seguinte:

> **Volume anual de negocios:** conforme ao artigo 87.1.a) da LCSP, reputarase solvente ó/a licitador/a que acredite un volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume dos tres últimos concluídos, **por importe igual ou superior 70.642,50 euros, resultado de calcular o 50% do importe medio da cifra de negocios calculada para 12 meses.**

O/a licitador/a acreditará o volume anual de negocios por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o/a empresario/a estivera inscrito/a

no dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito/a. Os/as empresarios/as individuais non inscritos/as no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

G.3. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA. (Artigos 90 e 91 da LCSP):

As licitadoras e os licitadores españois e as empresarias e os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán xustificar a súa solvencia técnica ou profesional de conformidade co disposto no **artigo 91 e 90.1.a) da LCSP**.

O criterio para acreditar a solvencia técnica ou profesional e o da experiencia na realización de servizos do mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto desta contratación.

Para determinar que un traballo ou servizo e de igual ou similar natureza, atenderase á coincidencia entre os dous primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV ou ao grupo e subgrupo de clasificación ao que pertencen.

O/a licitador/a debera achegar unha relación (necesariamente segundo o cadro-modelo que se reflicte a continuación), selada e asinada, dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza, **no curso dos tres últimos anos**, na que se indique importe, datas e destinatarios públicos ou privados deles.

Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público. Cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta do dito certificado, mediante unha declaración do/a licitador/a acompañada dos documentos que obren no seu poder que acrediten a realización da prestación.

So se terán en conta para os efectos de acreditar a solvencia os traballos relacionados co obxecto desta contratación que aparezan recollidos no cadro e respecto dos cales se acheguen as certificacións ou declaracións do/a empresario/a a que se fai referencia no anterior parágrafo.

Reputarase solvente o/a licitador/a que acredite un conxunto de traballos que garden relación co obxecto do contrato e que a súa suma supoña un importe igual ou superior a 70.642,50 euros, resultado de calcular o 50% do importe medio da cifra de negocios a explotar, calculado para 12 meses, nos últimos 3 anos declarados (IVE excluído).

CADRO-MODELO:

Relación dos servizos executados no curso dos últimos 3 anos, acompañada de certificados de boa execución ou, no seu caso, declaración do/a licitador/a

Denominación e obxecto concreto	Importe	Data de finalización da execución (día/mes/ano)	Destinatario

Para os efectos da valoración da súa relación ou non co correspondente a esta contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos traballos referidos.

Non obstante, ao tratarse dunha licitación non suxeita a regulación harmonizada, as empresas de nova creación, entendidas por tales aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos, acreditarán a súa solvencia técnica ou profesional, de acordo co medio establecido no artigo 90.4 da LCSP, do seguinte xeito:

-declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e do número de directivos/as durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

G.4. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA DE EMPRESARIOS/AS NON ESPAÑOIS DE ESTADOS MEMBROS DA U.E. (artigo 78.1 da LCSP):

Son os mesmos que os dos/as empresarios/as españois.

H. GARANTÍAS (cláusula 7) PRAZO DE GARANTÍA (cláusula 10.3)

H.1. GARANTÍA PROVISIONAL (cláusula 7.6.6):

Non se esixe a súa constitución de conformidade co disposto no artigo 106 da LCSP.

H.2. GARANTÍA DEFINITIVA (cláusula 7.4):

De acordo co establecido no apartado 4 do artigo 107 da LCSP, quen presente a mellor oferta deberá constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva que neste contrato terá un **importe de 9.000 euros, equivalentes ao canon referido a 12 meses de vixencia do contrato.**

A garantía definitiva esixida poderá presentarse en calquera das formas reguladas no artigo 108 da LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 108.3 da LCSP a acreditación da constitución da garantía poderá realizarse a través de medios electrónicos.

H.3. GARANTÍA COMPLEMENTARIA:

Neste suposto non se esixe, consonte ao establecido no artigo 107.2 da LCSP.

H.4. PRAZO DE GARANTÍA:

Ao abeiro do disposto no artigo 210.3 da LCSP, non se establece un prazo de garantía en razón á natureza e características das prestacións obxecto deste contrato, xa que é posible constatar a correcta execución do contrato no momento da propia execución, sen prexuízo do establecido no art. 311.6 da LCSP

I. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS (cláusula 6.1) DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR OS LICITADORES (cláusula 6):

Forma: a presentación de ofertas e solicitudes de participación farase de forma presencial no rexistro da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.

Lugar: Finca Sevilla, s/n -32005 Ourense - Recinto Feiral Expourense.

Prazo: no anuncio de licitación publicado no perfil do contratante indicárase a data na que remata o prazo de presentación de ofertas.

Documentación que deben presentar os/as licitadores/as: Os/as licitadores/as que desexen tomar parte neste procedemento presentarán a documentación conforme ao establecido na cláusula 6 deste prego.

J. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES (cláusula 2.2):

Non se admiten variantes ou alternativas. A proposición deberá conter unha única solución, que se axustará necesariamente á solución técnica definida pola Fundación, e cun prazo máximo, e mínimo de ser o caso, de execución dos traballos que será o indicado na cláusula 2.2 deste prego.

K. PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA APRECIAR VALORES ANORMALMENTE BAIXOS. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS:

M.1. PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA APRECIAR VALORES ANORMALMENTE BAIXOS (Artigo 149 da LCSP e artigo 85 do RD 1098/2001):

Aos efectos do disposto polo artigo 149 da LCSP, para determinar as ofertas con valores anormais ou desproporcionados, aplicaranse os seguintes criterios:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior aos valores de referencia do menú diario e do total dos produtos de oferta obrigatoria segundo o disposto polo apartado 2.2.2 do PPT en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores: a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais a outra oferta do menú diario e do total dos produtos de oferta obrigatoria segundo o disposto polo apartado 2.2.2 do PPT.
3. Cando concorran tres licitadores: as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais a media aritmética das ofertas presentadas do menú diario e do total dos produtos de oferta obrigatoria segundo o disposto polo anexo II do PPT.
4. Cando concorran catro ou máis licitadores: as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas do menú diario e do total dos produtos de oferta obrigatoria segundo o disposto polo anexo II do PPT, de acordo co disposto polo artigo 85 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

M.2. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS (cláusula 7.4 do PCAP e artigo 147 da LCSP):

Segundo o disposto no artigo 147 da LCSP, establécense **criterios específicos para o desempate** nos casos en que, logo da aplicación dos criterios de adxudicación, teña lugar un empate entre dúas ou máis ofertas:

-En caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terá preferencia a empresa que, ao

vencemento do prazo de presentación de ofertas, **conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos con discapacidade superior ao 2%**, nos termos do artigo 147.1. a) da LCSP e do Acordo do Consello da Xunta de 8 de abril de 2010, así como no previsto no Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de que varias empresas se atopen nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do contrato **a licitadora que acredite a maior porcentaxe de traballadores/as fixos/as con discapacidade no seu cadro de persoal.**

-De persistir o empate, desfarase a favor da licitadora que ten a condición de **empresa de inserción** (reguladas na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción).

- De continuar o empate, resolverase a favor daquela empresa que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, inclúa **medidas de carácter social e laboral que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.** Este elemento de desempate poderá acreditarse por algún destes medios (Art. 147.1.e):

-Certificación da implantación dun **Plan de Igualdade** conforme ao establecido no artigo 67.4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, ou equivalente.

-Acreditación da obtención da **Marca Galega de Excelencia en Igualdade**, conforme ao artigo 75 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, ou distintivo equivalente.

-Finalmente, se aínda subsistise o empate, desfarase mediante sorteo.

L. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO (Arts. 201 e 202 LCSP):

A empresa contratista está obrigada a cumprir as disposicións vixentes en **materia laboral, de seguridade social, de seguridade e saúde no traballo e de integración laboral**, en particular:

a) A empresa adxudicataria debe garantir ás persoas traballadoras adscritas á execución deste contrato a aplicación estrita das condicións laborais que estableza o convenio colectivo que lles resulte de aplicación.

b) A empresa ten que adoptar as medidas de seguridade e hixiene no traballo que sexan obrigatorias ou necesarias para prever de xeito rigoroso os riscos que poidan afectar a vida, integridade e saúde dos traballadores e traballadoras. Debe cumprir, así mesmo, as obrigas en materia de prevención de riscos laborais establecidas na normativa vixente tamén ten que acreditar o cumprimento das obrigas seguintes:

- Cumprimento do plan de seguridade e saúde no traballo.

- A formación e información para o desempeño das tarefas que realicen en materia preventiva as persoas traballadoras que utilizara na execución do contrato.

c) Se a empresa subcontrata parte da prestación, ten que esixirle ás empresas subcontratistas os xustificantes das obrigas anteriores e entregalos á Administración contratante.

A empresa adxudicataria, en canto ás **condicións de carácter medioambiental** na execución do contrato, será responsable da iniciativa, planificación e execución de todas as actuacións legalmente previstas en materia de xestión de residuos e elementos substituídos no desenvolvemento do seu traballo (especialmente a xestión de residuos de vidro, plásticos, orgánicos e aceites). No caso de substitución dalgún elemento/peza do equipamento, a adxudicataria deberá facerse cargo das tarefas de recollida e tratamento de ditos residuos.

Estas condicións **terán carácter de obriga esencial** para os efectos previstos nos artigos 211 letra f) e 192.1 da LCSP.

Todas as condicións especiais de execución que forman parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que poidan participar na súa execución.

M. IMPORTE MÁXIMO GASTOS DE PUBLICIDADE (cláusula 3.5):

O anuncio de licitación publicarase no perfil do contratante (Art. 135 LCSP) sen prexuízo da utilización doutros medios de comunicación para unha maior publicidade.

N. PROGRAMA DE TRABAJO:

Non se esixe.

Ñ. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN (cláusula 9.11):

P.1. CESIÓN DO CONTRATO:

Permítese nas condicións seguintes: Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo/a contratista a un terceiro sempre que da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.

Para proceder á cesión do contrato deben cumprirse os requisitos sinalados no artigo 214.2 da LCSP.

P.2. SUBCONTRATACIÓN:

Dada a natureza do contrato e consonte ao artigo 296 da LCSP a subcontratación somentes pode recaer en prestacións accesorias.

Os/as licitadores/as deberán indicar no DEUC a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, nos termos do artigo 215.2.a) da LCSP, sinalando o seu importe, o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización.

A celebración de subcontratos estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 215 da LCSP, podendo a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos da adxudicataria ás persoas

subcontratistas, nos termos dos artigos 216 e 217 da LCSP. Así, a entidade contratista estará obrigada a presentar, a requirimento da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, relación detallada daquelas persoas subcontratistas que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación de cada unha delas que garden relación directa co prazo de pago. Do mesmo xeito, deberá facilitar, se así lle fose requirido, xustificante do cumprimento dos pagamentos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos (art. 217.1 LCSP).

De conformidade co disposto no artigo 122.2.e) da LCSP, o licitador deberá indicar na súa oferta, se ten previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados a eles, o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratista aos que se vaia encomendar a súa realización.

O. PENALIDADES ESPECÍFICAS PARA ESTE CONTRATO NON INCLUÍDAS NO ARTIGO 192 da LCSP (cláusula 9.14):

As penalidades específicas establecidas para esta contratación son **as sinaladas na cláusula 9.15** deste PCAP.

P. MODIFICACIÓN DO CONTRATO (cláusula 9.10):

O alcance e os límites da modificación son os sinalados nas cláusulas 9.10 e 9.11 deste prego, de conformidade co disposto nos artigos 204 e 290 da LCSP. En todo caso, deberán observarse as especialidades procedimentais respecto a publicidade contidas no artigo 207 da LCSP.

Q. RESOLUCIÓN DO CONTRATO:

Ademais das causas xerais de resolución dos contratos establecidas no art. 211 da LCSP e das previstas para os contratos de concesión de servizos no artigo 294 do dito texto legal, sinálase como causa de resolución do contrato o incumprimento das condicións especiais de execución do contrato ás que se lles atribúe carácter de obriga contractual esencial (**apartado M deste cadro de características**) ao abeiro do disposto nos artigos 211.f) e 202 da LCSP.

R. CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN DA PRESTACIÓN (cláusula 10.1) LUGAR DE PRESTACIÓN (cláusula 6.1):

Estarase ao disposto no artigo 210 da LCSP. O contrato entenderase cumprido polo/a contratista cando este/a teña realizado, de acordo aos seus termos e a satisfacción da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, a totalidade da prestación. A prestación realizarase nos lugares indicados no prego de prescricións técnicas e naqueles outros que determine a Fundación contratante.

S. INFORMACIÓN DE CARÁCTER CONFIDENCIAL E PROTECCIÓN DE DATOS:

Os/as licitadores/as que desexen tomar parte neste procedemento deberán aterse ao disposto nas cláusulas 6.2.8, 9.5 e 9.6 deste PCAP.

T. RÉXIME DE NOTIFICACIÓNS:

O órgano de contratación e as unidades de xestión del dependentes, para calquera comunicación utilizarán o perfil do contratante podendo utilizar a maiores outros medios de comunicación personalizados coma o correo electrónico.

U. INFORMACIÓN SOBRE O DEUC:

Ao presentar o DEUC, a información requirida na parte IV sobre os criterios de selección, queda limitada a contestación dunha soa pregunta: se os operadores Económicos cumpren ou non todos os criterios de selección necesarios.

Na epígrafe titulada *Indicación global relativa a todos os criterios de selección* **bastará con responder SI ou NON** e quedara excluída a formalización das seguintes epígrafes:

- Idoneidade.
- Solvencia económica e financeira.
- Capacidade técnica e profesional.
- Sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental.

O DEUC configúrase como unha declaración formal que achegan os/as licitadores/as ou operadores Económicos no momento da presentación das ofertas, substituíndo os certificados expedidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e polo que se confirma que o operador Económico cumpre as condicións seguintes:

- Que non se atopa en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratos (prohibicións de contratar).
- Que cumpre os criterios de selección pertinentes (criterios de solvencia).

Acceso ao DEUC:

Pode accederse ao formulario en formato electrónico no enlace: <https://visor.registrodelicitadores.gob.es>.

O formulario neste enderezo só está dispoñible en castelán e pode ser cuberto directamente no sitio e xerar o arquivo para envío ao órgano de contratación xunto co resto da oferta.

Tamén pode accederse ao formulario DEUC, en formato .odt, na web da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, nos seguintes enlaces:

En gallego:

<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

En castellano:

<http://www.conselleriadefacenda.es/es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

CADRO DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS:

Os criterios de conformidade cos cales se valorarán as ofertas para os efectos de determinar a mellor delas, serán os seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	VALORACIÓN
A. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR (SOBRE B):	Ata 50
1. CRITERIOS DE CALIDADE DO SERVIZO E DOS PRODUTOS OFERTADOS:	
1.1 Información nutricional aos clientes mediante semáforos nutricionais ou similares. Asignaranse ata 5 puntos en función do valor e alcance da proposta de información que se realicen	5
1.2 Métodos para medir a satisfacción dos clientes. Asignaranse ata 5 puntos en función da calidade e previsión de alcance do obxectivo perseguido que se recolla nas propostas que se realicen.	5
1.3 Recursos materiais, equipos e utensilios ofertados para completar o equipamento existente nas instalacións, relacionado no anexo II do PPT. Asignaranse ata 5 puntos en función dos recursos que se inclúan na oferta que teñan algun impacto na calidade do servizo.	5
1.4 Características de calidade dos menús ofertados. Asignaranse ata 10 puntos en función das propostas realizadas polos licitadores que incidan na consecución dunha oferta de menús de primeira calidade elaborados a partir de produtos frescos, artesáns e ecolóxicos, con denominación de orixe, etc. así como tamén mediante a utilización de aceite de oliva ou a variedade de produtos e ingredientes de base empregados para a elaboración dos menús.	10
1.5 Planificación dos menús. Valorarase a variedade, rotación e non repetición dos pratos que conforman os menús así como o equilibrio nutricional e calórico nestes.	10
2. ACTUACIÓNS MEDIO AMBIENTAIS:	
2.1 Calidade nos controis de limpeza, bromatolóxico e calquera outro que incida na calidade do servizo. Valorarase o detalle, precisión e amplitude dos métodos de limpeza e bromatoloxía.	5
2.2 Redución do uso de plásticos.	10

Valorarase a proposta que se realice orientada a reducir o impacto que ten o plástico no medio ambiente	
B. CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE C):	Ata 50
1. Prezo dos produtos: 1.1 Prezo do almuerzo completo. Asignaranse ata 10 puntos á oferta que conteña un prezo de almuerzo completo máis económico, valorando as restantes ofertas de modo proporcional a esta.	10
1.2. Prezo do menú do día. Asignaranse 20 puntos á oferta que conteña un prezo do menú do día máis económico, valorando as restantes ofertas de modo proporcional a esta.	20
1.3. Rebaixa nos prezos máximos fixados pola Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense para os produtos incluídos na lista indicada no Anexo III do prego de prescricións técnicas. Outorgaranse 0.5 puntos por cada artigo da lista de produtos de obrigada subministración cuxo prezo sexa inferior en 5 céntimos ou máis (sempre considerando multiplos de 5 céntimos) ao prezo máximo fixado polo órgano de contratación tomándose en consideración o prezo en barra e ata un máximo de 10 puntos.	10
2 Produtos especiais: 2.1. Produtos de comercio xusto distintos ao café con certificación acreditativa (FLO). Outorgaranse 0.5 puntos por produto ofertado, ata un máximo de 5 Puntos.	5
2.2. Produtos sen glute, sen lactosa, vexetarianos, integrais e hiposalinos. Outorgaranse 0.5 puntos por produto ofertado, ata un máximo de 5 Puntos.	5
TOTAL	100 puntos

Para poder avaliar os criterios sometidos a xuízos de valor, as licitadoras deberán presentar unha memoria descritiva que desenvolva as actuacións expresadas e indiquen os procedementos que seguirán para garantir o sistema de calidade proposto. A extensión das memorias descritivas non poderán ter unha extensión superior a 10 páxinas, en formato din A4, con letra *arial*, *times new roman* ou similar, a tamaño de 12 puntos e a dobre espazo entre liñas.

Documentación relativa aos criterios de adxudicación:

A documentación relativa aos criterios de adxudicación que deberá incluírse en cada un dos sobres será a sinalada na **cláusula 6** deste PCAP.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E COMEDOR NO EDIFICIO DA FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE), MEDIANTE PROCEDIMENTO RESTRINXIDO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADO.

CÓDIGO DO EXPEDIENTE:

1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN	20
1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO	20
1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO	21
1.3. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE.....	21
1.4. RECURSOS E MEDIDAS PROVISIONAIS	21
1.5. XURISDICIÓN COMPETENTE	22
2. ELEMENTOS DO CONTRATO.....	22
2.1. OBXECTO DO CONTRATO	22
2.2. VARIANTES	22
2.3. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER E IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACELAS.....	22
2.4. REFERENCIA DO EXPEDIENTE / UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA / PERFIL DO CONTRATANTE	22
2.5. MESA DE CONTRATACIÓN.....	23
2.6. DURACIÓN DO CONTRATO.....	23
3. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO, PREZO, REVISIÓN DE PREZOS E GASTOS DE PUBLICIDADE	24
3.1. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO.....	24
3.2. REVISIÓN DE PREZOS.....	24
3.3. EXISTENCIA DE CRÉDITO.....	24
3.4. GASTOS DE PUBLICIDADE.....	24
4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.....	25
4.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS	25
4.2. UNIÓNS DE EMPRESARIOS	25
5. SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN. HABILITACIÓN.....	26
6. LICITACIÓN	27
6.1. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN	27
6.2. DOCUMENTACIÓN	27
6.3. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE ELECTRÓNICO A).....	29
6.4. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, SOBRE A. SELECCIÓN DE CANDIDATOS E INVITACIÓNS.....	30

6.5. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN. SOBRES B E C	31
6.6. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR (SOBRE B)	31
6.7. DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS MATEMATICAS (SOBRE C).....	32
7. ADXUDICACIÓN	32
7.1. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR (SOBRE B).....	32
7.2. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS MATEMÁTICAS (SOBRE C).....	33
7.3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	33
7.4. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.....	33
7.5. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO	37
7.6. NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN (art. 151 LCSP)	37
8. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: PRAZO E CONTIDO	38
9. EXECUCIÓN DO CONTRATO.....	39
9.1. FORMA DE EXECUCIÓN	39
9.2. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA	39
9.3. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA, TRANSFERENCIA DO RISCO OPERACIONAL E MANTEMENTO DO EQUILIBRIO ECONÓMICO	40
9.4. OBRIGAS E DEREITOS	40
9.5. PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL.....	43
9.6. CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO	44
9.7. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL	44
9.8. SUBROGACIÓN	44
9.9. PERSOAL DO CONTRATISTA	45
9.10. RESPONSABLE DO CONTRATO	46
9.11. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.....	46
9.12. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN DO SERVIZO	47
9.13. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA.....	49
9.14. SUSPENSIÓN DO CONTRATO.....	49
9.15. INCUMPRIMENTO DO CONTRATO. PENALIDADES.....	49
9.16. DETERMINACIÓN E RÉXIME DE PAGAMENTO DO CANON	51
9.17. TRANSMISIÓN DOS DEREITOS DE COBRAMENTO.....	51
10. EXTINCIÓN DO CONTRATO.....	52
10.1. CUMPRIMENTO DO CONTRATO.....	52
10.2. RESOLUCIÓN DO CONTRATO	52

10.3. GARANTÍA DO SERVIZO PRESTADO	52
10.4. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.....	53
ANEXO I - DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPLEMENTARIA AO DEUC.....	54
ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INSCRICIÓN EN REXISTROS DE LICITADORES E DE NON VARIACIÓN DOS DATOS REFLECTIDOS NOS SEUS CERTIFICADOS	57
ANEXO III - PROPOSICIÓN ECONÓMICA RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE C)	58
ANEXO IV - PROPOSICIÓN TÉCNICA RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR (SOBRE B)	60
ANEXO V - COMPROMISO PARA A INTEGRACIÓN DA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS.	62
ANEXO VI - DECLARACIÓN RESPONSABLE EN MATERIA DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS	63
ANEXO VII - PRESENTACIÓN DO LICITADOR E SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN	65

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA, RESTAURANTE E AUTOSERVIZO NO EDIFICIO DA FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE), MEDIANTE PROCEDIMENTO RESTRINXIDO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADO.

1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN.

1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO:

Segundo o artigo 113 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e o artigo 3.1.e) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, como fundación que foi constituída cunha achega maioritaria pola Xunta de Galicia, é unha entidade pertencente ao sector público e, asemade, en virtude do artigo 3.3 da LCSP, participa da condición de poder adxudicador para os efectos desa lei.

De conformidade co artigo 26 da LCSP os contratos que celebre a Fundación terán carácter privado. Os contratos privados que celebren os poderes adxudicadores que non pertencen á categoría de Administracións Públicas, rexeranse polo disposto no Título I do Libro Terceiro da LCSP, en canto á súa preparación e adxudicación. En canto aos seus efectos e extinción seranlles aplicables as normas de dereito privado, e aquelas normas ás que se refire o parágrafo primeiro do artigo 319 en materia ambiental, social ou laboral, de condicións especiais de execución, de modificación do contrato, de cesión e subcontratación, de racionalización técnica da contratación; e a causa de resolución do contrato referida á imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205.

A contratación que se vaia realizar tipifícase como contrato **concesión de servizos**, de conformidade co establecido no artigo 15 da LCSP, e queda sometida á dita lei (artigos 284 a 297), así como ao Real decreto 773/2015, de modificación parcial do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, ao Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, en canto continúe vixente, e ao Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, ou ás normas regulamentarias que os substitúan, na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, e nas demais normas e disposicións de igual ou inferior rango que modifiquen ou complementen as anteriores e que sexan de aplicación, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas particulares.

O órgano de contratación ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ten as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

En caso de discrepancia entre o presente prego e o prego de prescricións técnicas ou calquera outro documento contractual, prevalecerá o presente prego.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte deste non exime ó contratista da obriga do seu cumprimento. No suposto de cofinanciamento con fondos europeos, este contrato deberá someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados na súa virtude, e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en

prol dun desenvolvemento sustentable e mellora do ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO:

A tipificación da presente contratación sinálase na descrición do contrato da portada do presente prego como un contrato de concesión de servizos, conforme ao establecido nos artigos 15 e 25 LCSP, e non está suxeito a regulación harmonizada.

1.3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE:

Para a adxudicación da presente contratación aplicarase o procedemento restrinxido conforme ao disposto nos artigos 160 a 165 da LCSP e a súa tramitación ordinaria de acordo ao que establecen os artigos 116 e 117 da LCSP.

1.4. RECURSOS E MEDIDAS PROVISIONAIS :

1.4.1. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación.

1.4.2. Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos da Fundación que non reúnan os requisitos do artigo 44. 1 da LCSP poderán impugnarse en vía administrativa de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o titular do departamento, órgano, ente ou organismo ao que estea adscrita a entidade contratante ou ao que corresponda a súa tutela.

1.4.3. Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os actos relacionados no número 2 do artigo 44 da LCSP cando se refiran aos tipos de contratos que pretendan concertar as administracións públicas e as entidades que teñan a condición de poderes adxudicadores, segundo o disposto no artigo 44.1 da norma legal de referencia.

Poderán ser obxecto do recurso os seguintes actos:

a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.

b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da mesa de contratación polos que se acorde a admisión ou inadmisión de licitadores ou admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas.

c) Os acordos de adxudicación.

d) Os acordos de modificación contractual baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da lei por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

Non se dará este recurso en relación cos procedementos de adxudicación que se sigan polo trámite de emerxencia regulado no artigo 120 da LCSP.

O recurso especial en materia de contratación é potestativo e de balde para os recorrentes e pode acudirse alternativamente á vía contencioso-administrativa.

Non procederá a interposición de recursos ordinarios contra os actos enumerados neste punto.

1.5. JURISDICCIÓN COMPETENTE:

1.5.1. A orde xurisdiccional competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación do contrato será a contencioso administrativa.

1.5.2. A orde xurisdiccional civil será competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato, que se dirimirán ante os Xulgados e Tribunais Ordinarios da cidade de Ourense, con renuncia a calquera outro foro que puidese corresponderlles.

2. ELEMENTOS DO CONTRATO

2.1. OBXECTO DO CONTRATO :

O obxecto do contrato é a realización da prestación que se indica na portada e no cadro de características do contrato do presente prego.

Cando a contratación se fraccione en lotes, o obxecto de cada lote constitúe unha unidade funcional susceptible de realización independente.

A execución do obxecto do contrato debe adecuarse ás condicións que figuran no contrato, neste prego e no prego de prescricións técnicas, se fora o caso, documentos que teñen carácter contractual.

O dito obxecto corresponde aos códigos da nomenclatura Vocabulario común de contratos (CPV) da Comisión Europea e da nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPA) que, se fora o caso, indícanse na portada deste prego.

2.2. VARIANTES:

Cando así se indique na letra J do cadro de características do contrato, admitirase a presentación de variantes sobre os elementos e nas condicións que no dito cadro se determinan.

2.3. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER E IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACELAS:

Son as sinaladas no punto “Descrición do contrato” do cadro de características deste prego de cláusulas administrativas particulares.

2.4. REFERENCIA DO EXPEDIENTE / UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA / PERFIL DO CONTRATANTE:

2.4.1. O órgano de contratación é o que se indica na portada deste prego e o seu perfil de contratante está aloxado na súa páxina web así como na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (www.contratosdegalicia.gal) onde se poderá consultar toda a documentación e información de relevancia deste procedemento.

2.4.2. O órgano de contratación ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ten as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Así mesmo, ostenta a facultade de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato nos termos e límites sinalados na lei.

Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

2.5. MESA DE CONTRATACIÓN:

O órgano de contratación, para a adxudicación do contrato, estará asistido por unha Mesa de contratación, cuxos membros serán nomeados polo propio órgano.

A Mesa de contratación estará constituída por un/a presidente/a, un/a secretario/a e, cando menos, tres vogais.

Todas as persoas integrantes da mesa terán voz e voto, excepción feita de quen exerza as funcións de secretaria, que so terá voz.

A mesa poderá estar asistida polos/as técnicos/as asesores/as que se consideren necesarios/as, que informarán sobre as cuestións das súas respectivas competencias, por requirimento desta, pero sen dereito de voto.

A Mesa de contratación poderá solicitar cantos informes técnicos considere pertinentes para realizar a avaliación da documentación presentada polos licitadores.

A composición da mesa publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación, cunha antelación mínima de sete (7) dí con respecto ás reunións que deban celebrarse para a cualificación da documentación referida no art. 140 da LCSP.

2.6. DURACIÓN DO CONTRATO:

2.6.1. A duración do contrato, o prazo de execución total, os prazos de execución parciais, se fora o caso, ou a data de inicio do servizo son os que figuran no apartado F do cadro de características do contrato, son indicativos e poderán ser modificados, se fora o caso, como consecuencia da licitación.

2.6.2. No suposto de contrato de resultado, o prazo máximo de execución comeza a contar desde o día que se estipule no contrato.

De conformidade co establecido no artigo 195.2 da LCSP, o dito prazo de execución poderá prorrogarse cando o contratista non poida cumprilo por causas totalmente imprevistas e que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.

2.6.3. No suposto de contratos de actividade por prezo a tanto global ou por unidades de execución ou de tempo, o prazo máximo de vixencia é o indicado no apartado F, ou ben ata que se esgote o seu orzamento máximo, no suposto de que este feito se produza con antelación ao cumprimento do prazo antes sinalado.

O prazo de vixencia poderá ser prorrogado de conformidade co establecido no artigo 29.2 da LCSP, se así se indica no apartado F do cadro de características do contrato. No suposto de que o contrato se prorrogue, as súas características permanecerán inalterables durante o período de duración desta agás as modificacións que se poidan introducir conforme ao 203 ao 207 da LCSP.

A execución das unidades que solicite a Fundación levarase a cabo de acordo co establecido na cláusula 9 e co estipulado no contrato, nos prazos máximos que se indiquen desde que se formalice cada solicitude.

3. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO, PREZO, REVISIÓN DE PREZOS E GASTOS DE PUBLICIDADE

3.1. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO:

3.1.1. O canon desta contratación é o que figura no apartado B.1. do cadro de características.

3.1.2. O sistema de determinación do canon é o recollido no apartado A do cadro de características.

3.1.3. O valor estimado do contrato, calculado de conformidade co artigo 101 da LCSP, é o que figura no apartado B.2 do cadro de características deste prego.

A formulación da proposta económica terá carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se devindiquen por razón do contrato, tendo presente, en relación co Imposto sobre o Valor Engadido, que a oferta do licitador comprende non só o prezo do servizo senón tamén o importe do dito imposto, que figurará como partida independente, de conformidade co establecido no artigo 139.4 da LCSP.

3.2. REVISIÓN DE PREZOS:

A procedencia ou non da revisión de prezos periódica e predeterminada, o sistema, índice ou fórmula de revisión de prezos aplicable a esta contratación, así como o seu sistema de aplicación, se fora o caso, indícanse no apartado E do cadro de características, de acordo co previsto nos artigos 103 a 105 da LCSP. O sistema, índice ou fórmula indicados tamén se aplicarán no caso de prórroga do contrato.

3.3. EXISTENCIA DE CRÉDITO:

Este contrato non xera gastos con cargo ao orzamento de gastos de Expourense. O contratista deberá satisfacer á Fundación os seguintes importes:

- Canon fixo anual, segundo oferta do licitador seleccionado como o que presentou a mellor oferta.
- Gastos de consumos de subministros e recollida de lixo devengados polo adxudicatario nas instalacións do restaurante/cafetería previa lectura de contadores ou parte proporcional da factura recibida.

3.4. GASTOS DE PUBLICIDADE:

O importe máximo de gastos de publicidade do presente procedemento consignarase na letra **M** do cadro de características deste prego de cláusulas administrativas particulares.

4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

4.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS:

4.1.1. Segundo o disposto no artigo 65.1, poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias inhabilitantes previstas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou dos Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo teñen capacidade para contratar sempre que, conforme á lexislación do Estado en que estean establecidas, se atopen habilitadas para realizar a prestación que constitúe o obxecto do contrato.

As empresas non comunitarias rexeranse polo disposto no artigo 68 da LCSP.

4.1.2. No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á Disposición Adicional cuarta da LCSP só poderán presentarse á presente licitación os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral legalmente constituídos que acrediten ante o órgano de contratación dispor de tal cualificación.

4.1.3. Respecto á concorrencia á licitación daqueles empresarios que participasen na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do presente contrato, estarase ao disposto no artigo 70 da LCSP.

4.1.4. Se durante a tramitación dun procedemento e antes da formalización do contrato se producise unha operación de fusión, escisión, transmisión do patrimonio empresarial ou dunha sección da actividade, sucederlle á empresa licitadora ou candidata na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio empresarial ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibición de contratar e acredite a súa solvencia e clasificación nas condicións esixidas no prego de cláusulas administrativas particulares para poder participar no procedemento de adxudicación.

4.2. UNIÓNS DE EMPRESARIOS:

Segundo o disposto no artigo 69 da LCSP, poden contratar coa Administración as unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 74 e seguintes e 86 e seguintes da LCSP e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP, sen prexuízo da posibilidade de acumulación a efectos da solvencia establecida no artigo 24 do RXLCAP, así como da clasificación de conformidade co disposto no artigo 52 RXLCAP.

Os empresarios que estean interesados en formar as unións ás que se refire o presente artigo, poderán darse de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que especificará esta circunstancia. Se xa estiveran inscritos no citado Rexistro unicamente deberán comunicarlle a este, na forma que se estableza regulamentariamente, o seu interese no sentido indicado.

Consonte prescribe o artigo 24 do RXLCAP, para que durante a fase previa á adxudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte á Administración será necesario que os empresarios que desexen

concorrer integrados na dita unión temporal indiquen en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas, no caso de resultar adjudicatarios. O dito escrito deberá designar a persoa que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte á Fundación.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

5. SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN. HABILITACIÓN

5.1. A solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixible, se fora o caso, neste contrato, acreditarase polos medios que se indican no apartado G do cadro de características, na cal constan os criterios de selección e os requisitos mínimos para a súa acreditación, así como a clasificación correspondente ao obxecto e contía do contrato.

A solvencia acreditarase indistintamente mediante a clasificación ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos neste prego.

5.2. Ademais da solvencia esixida, se fora o caso, no apartado G do cadro de características, o órgano de contratación pode esixir a adscrición á execución do contrato, como mínimo, dos medios persoais e/ou materiais que se indican no dito apartado do cadro de características.

Se non se indica expresamente, enténdese que non se establecen esixencias adicionais.

Nos supostos en que se sinalase algunha esixencia no referido apartado G do cadro de características, e así se indique expresamente, no contrato esixese, de conformidade co artigo 76 da LCSP, que os licitadores concreten as condicións de solvencia mediante o compromiso de dedicar ou adscribir a execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para levalo a cabo axeitadamente.

Neste caso, o órgano de contratación pode atribuír a estes compromisos o carácter de obrigas esenciais para os efectos previstos no artigo 211.1.f) da LCSP ou establecer penalidades de conformidade co artigo 192.1 da LCSP e a cláusula 9.15 deste prego.

Estes documentos deberán detallarse na oferta e deben presentarse xunto coa documentación acreditativa da súa solvencia.

5.3. No suposto en que o empresario acredite a súa solvencia mediante a clasificación debora acreditar a clasificación que, de ser o caso, se indique no apartado G.1 do cadro de características, que corresponde ao obxecto e contía deste contrato.

Cando sexa posible acreditar a solvencia mediante a clasificación e concorra a licitación unha unión de empresarios integrada por empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, os que pertencen aos dous primeiros grupos poderán acreditarla mediante a súa clasificación, e estes últimos mediante a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

5.4. Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional a través dos medios de xustificación que figuran nos números 2 e 3 do apartado G do cadro de características deste prego ou da clasificación no seu caso indicada no apartado G.1 do dito cadro de características.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarán a súa solvencia técnica, económica e financeira a través dos mesmos medios de xustificación que os empresarios españois, tal como se indica no apartado G.4 do cadro de características deste prego.

A acreditación da solvencia poderá realizarse ou completarse cos medios que consten no certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (en adiante ROLECSP) ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante RXC-Galicia).

5.5. Os certificados de inscrición ou documentos similares que fosen expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos sinalados no artigo 97.1 da LCSP.

5.6. O órgano de contratación ou a Mesa de contratación poderá solicitar dos licitadores as aclaracións sobre os certificados e documentos presentados que considere pertinentes, ou requirilos para a presentación doutros complementarios.

6. LICITACIÓN

6.1. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN:

As proposicións presentaranse, na forma indicada nos números seguintes, no lugar e prazo sinalados no apartado I do cadro de características deste prego, no anuncio de licitación e no perfil do contratante.

6.2. DOCUMENTACIÓN:

6.2.1. A documentación relativa a esta licitación facilitarase en formato electrónico a través do perfil do contratante da Fundación. Excepcionalmente, por razóns técnicas xustificadas ou razóns de confidencialidade, os interesados poderán examinar os pregos e a documentación complementaria nas oficinas sinaladas.

6.2.2. Os licitadores, de acordo co establecido no artigo 138.3 da LCSP e no número 2 do artigo 22 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, poderán solicitar -cunha antelación mínima de doce días naturais antes da fin de prazo de presentación das ofertas- as aclaracións que sobre o contido dos pregos consideren pertinentes, dirixindo a consulta ao enderezo de correo electrónico sinalado na portada deste prego e no perfil do contratante. A Fundación debe facilitar a información, cando menos, seis días antes da data límite fixada para a recepción das ofertas.

6.2.3. Este procedemento configúrase en dúas fases, polo que a documentación debера ser presentada segundo segue:

Primeira fase sobre (arquivo) A (administrativo): esta primeira fase correspóndese co arquivo denominado sobre A. Esta fase é independente da segunda, e nela as interesadas en participar unicamente presentaran a documentación esixida para o sobre A, co obxecto de que o órgano de contratación proceda a selección das candidaturas que serán convidadas a presentar proposicións, con arranxo aos criterios obxectivos de solvencia que se determinan no apartado G, do cadro de características deste prego.

Segunda fase, sobre (arquivo) B (técnico) e sobre (arquivo) C (económico): nesta segunda fase, aquelas licitadoras convidadas a participar presentaran a documentación correspondente aos arquivos denominados sobres B e C. A adxudicación realizarase empregando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a mellor relación calidade-prezo, que se detallan no cadro de criterios de adxudicación deste prego, por ser os adecuados para avaliar as proposicións segundo as características das prestacións a realizar.

6.2.4. No caso que os licitadores se atopen inscritos no RXG-Galicia ou no ROLECSP, deberán facelo constar igualmente na denominación do arquivo, con indicación do número de inscrición no rexistro galego, se fora o caso.

6.2.5. Os interesados deberán presentar as súas ofertas referidas a totalidade dos servizos obxecto do contrato:

- Asinadas polo licitador ou, de ser o caso, polo/a representante legal da entidade que asina toda a documentación. Se se trata dunha unión temporal de empresas, indícanse os datos de cada un dos empresarios, e as ofertas deben ir asinadas polos/as representantes de cada unha das empresas integrantes da unión.
- Con indicación do NIF, nome e apelidos do licitador ou, de ser o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.

6.2.6. Cada licitador poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato, sen prexuízo de que se admita, de ser o caso (se así se sinala no apartado J do cadro de características), a presentación de variantes.

Así mesmo, o licitador non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas (art. 139.3 LCSP).

6.2.7. A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste PCAP, así como do PPT.

6.2.8. Os documentos e datos presentados polos licitadores poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector.

O órgano de contratación non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designasen como confidencial segundo os motivos e circunstancias que estes manifestasen.

Por conseguinte, serán os licitadores ou candidatos os que deben identificar a documentación ou a información que consideran que ten carácter confidencial, e non será admisible que efectúen unha declaración xenérica ou declaren que todos os documentos ou toda a información teñen carácter confidencial. Esta circunstancia deberá reflectirse na declaración complementaria ao DEUC (Anexo I deste prego) e no propio documento sinalado como tal en forma sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma visible.

No suposto de que un licitador non motive ou concrete as circunstancias xustificativas da súa declaración de confidencialidade ou siga mantendo unha declaración xenérica do carácter confidencial de toda a súa oferta, entenderase esta como inmotivada e o Órgano de contratación reservara para si mesmo o dereito de considerar qué documentación debe considerarse confidencial exonerándoo de toda responsabilidade por calquera erro de apreciación en canto ao carácter confidencial ou non da información facilitada.

A extensión da confidencialidade a toda a proposta por un licitador considerarase improcedente. Unicamente poderá estenderse a documentos que teñan unha difusión restrinxida e en ningún caso a documentos que sexan publicamente accesibles.

Os licitadores poderán designar como confidenciais algúns dos documentos achegados na súa oferta. Esta circunstancia deberá reflectirse claramente (de calquera forma ou á marxe) no propio documento designado como tal.

Así mesmo, deberán xuntar unha memoria onde xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe reconecerse este carácter de confidencialidade e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de todos os licitadores.

En todo caso, terá carácter confidencial a documentación facilitada polos empresarios para acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional. Tamén terán carácter confidencial os datos

de carácter persoal contemplados na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Non obstante, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, sexa de acceso público.

Para o caso de que non haxa declaración de confidencialidade dos empresarios ou esta sexa incompleta, o órgano de contratación actuará segundo o seguinte procedemento:

- Antes de decidir qué documentos ou información teñen carácter confidencial, dará traslado ao licitador ou candidato da solicitude de información presentada por outras empresas interesadas no procedemento para que se poida pronunciar de forma xustificada.
- Os licitadores deberán identificar os documentos achegados na súa oferta que teñan tal carácter deixando constancia disto (de calquera forma ou á marxe) no propio documento designado como tal.
- Así mesmo, deberán xuntar unha memoria onde xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar.

O órgano de contratación pode non comunicar determinados datos relativos a adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desta información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, entre outros.

6.2.9. As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar deberán concorrer na data de finalización do prazo de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

En todo caso, o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para seren adxudicatarios do contrato.

6.2.10. Toda a documentación que presenten os licitadores debera estar asinada electrónicamente polo licitador ou, de ser o caso, polo/a representante legal da entidade que asina toda a documentación.

6.2.11. Lingua do procedemento: os documentos deben presentarse en lingua galega ou castelá. A documentación redactada noutra lingua debera ir acompañada da correspondente tradución oficial para a lingua galega ou castelá.

6.2.12. A introdución de documentación nun sobre (arquivo) distinto daquel no que debe figurar suporá a exclusión da oferta do licitador.

6.3. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE ELECTRÓNICO A):

O seu contido será o seguinte, que deberá achegarse en arquivos independentes:

No arquivo denominado Sobre A debera achegarse, en arquivos independentes, a seguinte documentación:

- a) Unha relación de todos os documentos que se inclúen no sobre.
- b) Presentación da licitadora e a solicitude de participación, conforme o Anexo VII deste prego.

c) Declaración do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. Para tal fin, os licitadores deberán achegar o DEUC (Documento Europeo Único de Contratación), debidamente cuberto, datado e asinado electrónicamente.

No caso de que o licitador recorra a solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da LCSP, cada unha delas debera presentar un DEUC.

Cando dúas ou máis empresas acudan a unha licitación constituíndo unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia presentando, cada un deles, un DEUC.

d) Ao DEUC deberá xuntarse sempre a declaración complementaria que consta como Anexo I deste prego.

e) A documentación que acredite a solvencia económica e financeira e técnica e profesional, conforme ao exigido no apartado G do cadro de características deste prego.

f) No caso de que dúas ou máis empresas concorran en unión temporal, presentarán un compromiso de constitución de unión temporal de empresarios (UTE) indicando, en documento privado, os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultaren adxudicatarios (artigo 69 da LCSP e 24 do RXLCAP). Presentarán tamén a designación dun representante ou apoderado único da unión con poder suficiente para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato deriven ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobramentos e pagamentos de contía significativa.

O documento deberá estar asinado polos/as representantes de cada unha das empresas compoñentes da UTE.

g) No seu caso, se o licitador recorre á solvencia e medios doutras empresas, de conformidade co artigo 75 da LCSP, deberá achegar, debidamente asinado por ambas entidades, un compromiso para a integración da solvencia con medios externos, segundo o modelo que se xunta como Anexo V deste prego de cláusulas administrativas particulares.

Achegarase un compromiso por cada entidade que pon a disposición do licitador a súa solvencia ou medios en caso de ser máis dunha.

h) No caso de que a execución do contrato requira do tratamento polo adxudicatario de datos persoais por conta do responsable do tratamento, no caso de que os licitadores teñan previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados a eles desde onde se van prestar os servizos, declaración indicando o nome ou o perfil empresarial definido por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización.

6.4. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, SOBRE A. SELECCION DE CANDIDATOS E INVITACIÓNS:

O órgano de contratación estará asistido, para a selección de candidatos e para a adxudicación do contrato, pola Mesa de contratación á que se refire a cláusula 2.5 deste PCAP.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación, a Mesa de contratación constituírse para a apertura e cualificación da documentación administrativa (Sobre A), en función dos requisitos esixidos.

Se como resultado da cualificación dos documentos a Mesa de contratación observase erros ou omisións rectificables, concederá un prazo de tres días para emendalos, de conformidade co disposto polo artigo 141.2 da LCSP.

Respecto ao declarado no DEUC ou na documentación complementaria do Sobre A, o órgano de contratación ou a Mesa de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior a adopción da proposta de adxudicación, que os candidatos acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato (Art. 140.3 LCSP). Esta documentación deberá presentarse nun prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que o licitador recibise o requirimento.

Os operadores económicos poderán ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de axuízamento conforme a lexislación nacional, en caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ou, en xeral, ao facilitar a información esixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se cumpren os criterios de selección, ou en caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.

Unha vez cualificada a documentación presentada e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións observados, a Mesa de contratación, conforme aos criterios obxectivos de solvencia requiridos no apartado G do cadro de características deste prego para a selección de candidatas e no anuncio de licitación, procederá a determinar ás empresas que se axustan aos criterios e aquelas outras rexeitadas, facendo constar as causas do seu rexeitamento.

O resultado dos actos da Mesa de contratación, coa cualificación, admisión ou exclusión das solicitudes, publicaranse no perfil do contratante. Excluírase aquela información que non sexa susceptible de publicación de conformidade coa lexislación vixente. Todo iso, sen prexuízo da necesaria comunicación ou notificación, segundo proceda, ás licitadoras afectadas.

O órgano de contratación, unha vez comprobada a personalidade e solvencia dos solicitantes, seleccionará os que deban pasar á seguinte fase, aos que invitará, simultaneamente e por escrito, a presentar as súas proposicións no prazo que proceda conforme o sinalado no artigo 164 da LCSP. O escrito de invitación indicará a data límite para a recepción de ofertas, así como o resto de datos sinalados no artigo 163 da LCSP.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deba redactarse.

6.5. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS (SOBRES B E C):

A documentación presentarse, no prazo indicado na invitación cursada polo órgano de contratación, no lugar establecido no apartado 6.1. e conforme as normas xerais reflectidas no apartado 6.2. deste prego.

A documentación da proposta presentarse nos arquivos denominados sobres B e C.

6.6. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR (SOBRE B):

No arquivo denominado Sobre B, deberá achegarse en arquivos independentes a seguinte documentación:

a) Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.

b) A documentación acreditativa da oferta en cada un dos criterios avaliados mediante xuízos de valor á que se refire o apartado A.1. do cadro de criterios de adxudicación deste prego. En concreto, incluíranse catálogos, memorias, informes de produtos e calquera outra información que o licitador estime oportuna para facer máis comprensiva a súa oferta.

Se o licitador non achega a documentación relativa a algúns destes criterios de adxudicación, ou esta non contén todos os requisitos esixidos, a proposición do dito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

6.7. DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS MATEMATICAS (SOBRE C):

No arquivo denominado Sobre C incluírase a seguinte documentación:

a) Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.

b) A documentación acreditativa da oferta en cada un dos criterios avaliados por fórmulas matemáticas que se establecen no apartado A.2. do cadro de criterios de adxudicación (Criterios avaliados mediante aplicación de formulas matemáticas - Sobre C).

A proposición económica axustarase ao modelo establecido que se xunta como Anexo III a este prego (proposición económica conforme os criterios avaliados mediante formulas matemáticas), sen erros ou rascaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rexeitada.

A oferta debe estar asinada electrónicamente por quen teña poder suficiente para elo. O importe debe expresarse claramente en números e letras.

Serán inadmisibles as ofertas de maior contía da que figura no apartado B do cadro de características como orzamento de licitación, de tal xeito que nin a cantidade sen IVE, nin a partida correspondente ao IVE, nin a suma de ambas as dúas poderán exceder os importes sinalados no dito apartado.

Na proposición indicarse como partida independente o importe do IVE. Así, expresarse: o importe IVE excluído e, a seguir, como partida independente, o tipo impositivo e o importe do IVE que deba ser repercutido, e o importe total da oferta.

A oferta efectuarase pola totalidade dos traballos obxecto do contrato, incluíndo nela todo tipo de taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato.

Cada licitador presentará unha soa proposición, sen prexuízo de que se admita, de ser o caso, dentro dela a presentación de variantes (segundo o que se dispoña no apartado J do cadro de características).

Así mesmo, o licitador non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha agrupación temporal.

A infracción destas normas dará lugar a non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

c) No caso de que a empresa achegue documentación que acredite os criterios de preferencia en caso de empate (establecidos no apartado M.2. do cadro de características), a dita documentación deberá ir no Sobre C.

7. ADXUDICACIÓN

7.1. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR, SOBRE B:

A Mesa de contratación reunirse na data, lugar e hora sinalados no perfil do contratante. No caso de que a sesión pública de apertura do sobre B se realice nun espazo virtual, publicarase no perfil do contratante e facilitaráselles a ruta ou url a aquelas persoas que soliciten asistir, no prazo habilitado para os efectos, as cales deberán contar cun equipo informático con micrófono, altosfalantes e cámara web.

No acto público realizaranse as seguintes actuacións:

- Lectura do anuncio público do procedemento.

- Lectura do número de proposicións recibidas e da identidade dos licitadores.
- Lectura dos resultados da cualificación da documentación administrativa, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e da causa ou causas de inadmisión destas ultimas.
- Apertura dos arquivos correspondentes aos sobres B dos licitadores admitidos, que conteñan a documentación relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor. En especial, comprobarase que conteñan a relación de documentación prevista na cláusula 6.6 deste prego. O descifrado e recomposición das ofertas realizarase ante os asistentes.
- Invitación ás persoas asistentes a que expoñan cantas observacións consideren oportunas.

O/a secretario/a redactara a acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido, e será asinada, cando menos, polo/a presidente/a e o/a secretario/a.

7.2. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS MATEMATICAS (SOBRE C):

A avaliación do contido do sobre B realizarase, en todo caso, antes da apertura do sobre C e deixarase constancia documental disto tal como se establece no parágrafo segundo do artigo 146 da LCSP.

A data, hora e lugar de celebración da mesa de apertura do Sobre C publicarase no perfil do contratante. No caso de que a sesión pública de apertura do sobre C se realice nun espazo virtual, publicarase no perfil do contratante e facilitaráselles a ruta ou url a aquelas persoas que soliciten asistir, no prazo habilitado para os efectos, as cales deberán contar cun equipo informático con micrófono, altosfalantes e cámara web.

No acto público realizaranse as seguintes actuacións:

- Lectura dos resultados da avaliación do contido do sobre B dos licitadores.
- Apertura dos arquivos correspondentes aos sobres C dos licitadores admitidos. O descifrado e recomposición das ofertas realizarase ante os asistentes.
- Lectura das ofertas.
- Invitación aos asistentes a que expoñan cantas observacións consideren oportunas.

O/a secretario/a redactara a acta que recollera sucinta e fielmente o acontecido, e será asinada, cando menos, polo/a presidente/a e o/a secretario/a.

7.3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Unha vez realizados todos os trámites indicados nos puntos anteriores, a Mesa de contratación procederá a avaliar as ofertas, unha vez ponderados todos os criterios de adxudicación sinalados neste PCAP que deben aplicarse para a selección da mellor oferta.

Segundo o disposto no artigo 158 da LCSP, cando o único criterio para seleccionar ao adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deba recaer no prazo máximo de quince (15) días a contar dende o seguinte ao da apertura das proposicións. Cando para a adxudicación deban terse en conta unha pluralidade de criterios, ou utilizándose un único criterio sexa este o do menor custo do ciclo de vida, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous (2) meses a contar dende a apertura das proposicións.

7.4. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN:

7.4.1. A Mesa de contratación clasificará por orde decrecente as proposicións, para despois elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación (art. 150.1 da LCSP). Para realizar a dita clasificación,

atenderá aos criterios de adjudicación sinalados no prego e pode solicitar para isto cantos informes técnicos xulgue pertinentes.

7.4.2. No suposto en que se produza igualdade nas proposicións máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adjudicación, a proposta de adjudicación realizarase a favor do licitador que acredítase algunha das circunstancias que, para o desempate, se sinalaron no apartado **K** do cadro de características que acompaña este prego.

7.4.3. Se, a pesar de todo isto, aínda persiste a igualdade, o adjudicatario será seleccionado mediante un sorteo, que se levara a cabo en acto público.

7.4.4. En atención ao disposto no artigo 150.1.terceiro parágrafo da LCSP, se no exercicio das súas funcións a Mesa de contratación tivese indicios fundados de condutas colusorias trasladarao, dando conta ao órgano de contratación, á Comisión Galega da Competencia, con efectos suspensivos no procedemento de contratación. Igualmente o artigo 23.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala que o órgano de contratación notificara á Comisión Galega da Competencia calquera feito do cal teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poida constituir infracción da lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicará calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, practica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación.

7.4.5. Unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presente a mellor oferta, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles (5 días se é un procedemento urxente) contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación acreditativa do cumprimento de requirimentos previos para contratar coa Administración que declarou no DEUC:

a) A personalidade xurídica do empresario, e se fose o caso, a súa representación. Para isto presentárase o documento nacional de identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas, deberán presentar escritura de constitución e de modificación, se fora o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito sexa exigible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se for o caso, no correspondente rexistro oficial que sexa preceptivo.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán acreditar a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante presentación de certificación ou declaración xurada nos termos que se establezan regulamentariamente.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, en que se faga constar que figuran inscritos no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán achegar informe da Oficina Económica e Comercial de España no exterior relativo a que o seu Estado de orixe admite, pola súa vez, a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

b) Certificados de manipulador de alimentos expedido pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia, e as súas oportunas renovacións, respecto do equipo ofertado polo adjudicatario, que de forma permanente ou ocasional destine á prestación do servizo.

c) Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que poida corresponder ao licitante.

d) Documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias (coa Facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de estar dadas de alta no imposto de actividades económicas) e coa Seguridade Social ou de que autoriza á Administración para obter de forma directa a acreditación desta documentación. En concreto a documentación que se debe xustificar neste punto e a seguinte:

1. Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
2. Certificado expedido pola Axencia Tributaria de Galicia, no que conste que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa Facenda Publica da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que o licitador se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.
4. Documento que acredite estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, mediante presentación da alta, referido ao exercicio corrente, ou do último recibo do IAE completado cunha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse mediante unha certificación da exención, outorgada polo órgano competente, ou declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000 euros) respecto dos suxeitos pasivos enunciados no artigo 82.1 c) da citada lei.

e) Documentación xustificativa da constitución da garantía definitiva que sexa procedente, en concreto, o xustificante de ter depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (Consellería de Facenda), a favor da Fundación de Feiras e Exposicións de Galicia, a garantía definitiva polo importe sinalado no apartado H.2 do cadro de características deste prego e, de ser o caso, a garantía complementaria indicada no apartado H.3 do cadro de características, en calquera das modalidades previstas no artigo 108 da LCSP.

f) Documentación xustificativa de dispor efectivamente dos medios que, de ser o caso, se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 76 da LCSP. Deberanse concretar as persoas que se correspondan co número e perfís dos integrantes do grupo de traballo ofertado (xuntando currículo, titulación e experiencia). Se se trata de medios persoais que formen parte do seu persoal, remitiranse os documentos TC2 en que así conste. Para o caso de que se trate de persoas que nese momento non formen parte do persoal da empresa, deberán achegar un compromiso asinado por ambas as dúas partes de que, de resultar adxudicatario, se incorporaran ao equipo de traballo.

g) Declaración á que se refiren as cláusulas 9.5 e 9.6 deste prego sobre confidencialidade e protección de datos de carácter persoal (Anexo VI).

h) Documento que acredite a constitución dunha póliza de seguros que cubra os riscos de incendio dos locais e de responsabilidade civil por danos a concorrente e a terceiros derivados das condicións dos locais, das súas instalacións e servizos, así como da actividade desenvolvida e do persoal vinculado ao adxudicatario que preste os seus servizos no mesmo.

O contratista deberá asegurar de maneira diferenciada os riscos por incendio e responsabilidade civil, este último baixo a modalidade de responsabilidade civil por explotación aínda que se admitirá o aseguramento do risco baixo calquera outra denominación. No caso do contrato de seguro de incendios, a contía mínima esixida referirase, obrigatoriamente, ao continente, sendo voluntaria a cobertura deste risco no que se refire ao contido.

Os Importes do capital mínimo asegurado (en ambos os dous casos sen franquicia ningunha), serán:

- Capital mínimo asegurado para risco de incendio: 100.000 €

- Capital mínimo asegurado para risco de responsabilidade civil: 25.000 €

A acreditación realizarse mediante a presentación da copia da póliza e xustificante do pago da prima de contratación do seguro.

Así mesmo, deberá achegar un compromiso asinado de manter vixente a póliza durante a totalidade da duración do contrato.

Se o candidato está inscrito no RXC-Galicia ou no ROLECESP, deberá indicar o número de inscrición e quedará exento de achegar a documentación que se detalla a continuación:

- Personalidade e representación a que se refire a liña a) , coa condición de que a representación sexa a mesma que conste no RXC-Galicia. Non obstante, o órgano de contratación poderá requirir a achega da devandita documentación, de ser necesaria, para acreditar que o obxecto social da empresa e adecuado ao obxecto do contrato.
- Documentación acreditativa da solvencia económica/financeira e técnica/profesional, que conste no certificado do Rexistro, excepto a documentación específica que se relaciona no apartado G do cadro de características deste prego, que debera ser achegada en todo caso.
- Documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias (coa Facenda estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia, e de estar dadas de alta no IAE) e de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Neste caso, a documentación presentada polo candidato deberá ir acompañada dunha declaración responsable, segundo modelo que se achega como Anexo II, en que o candidato manifieste que as circunstancias reflectidas no RXC-Galicia ou, de ser o caso, no ROLECESP non experimentaron variación.

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no RXC-Galicia ou no ROLECESP será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico aos ditos certificados ou, na súa falta, achegarán copia del.

Así mesmo, segundo dispón o artigo 28 da Lei 39/2015, no seu segundo parágrafo, os licitadores non estarán obrigados a achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou que foran elaborados por calquera administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar os ditos documentos salvo que o/a interesado/a se opuxera a iso.

Polo anteriormente exposto, e salvo oposición expresa que deberá comunicar a este órgano de contratación na documentación da súa oferta (en concreto na declaración complementaria ao DEUC que se xunta como Anexo I), quedará exento da obriga de presentar a documentación requirida nos artigos 140 e 150 da LCSP que a continuación se relaciona:

- NIF da persoa física ou xurídica.
- NIF da/s persoa/s representante/s.
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias da AEAT.
- Certificado de estar ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado de pagamento/exención do Imposto de Actividades económicas.

Logo de recibir a documentación a que se refire esta cláusula, a Mesa de contratación comprobará a validez da antedita documentación, circunstancia da que deixará constancia na correspondente acta.

Tras o exame da documentación, se a Mesa de contratación entende que a mesma ten defectos ou omisións rectificables, comunicaráselle ao licitador interesado baixo apercibimento de exclusión definitiva se, no prazo concedido, non emenda a documentación. Concederáselle ao licitador un prazo de tres días para que corrixa ou emende os defectos observados.

De non presentarse a documentación sinalada, en forma e prazo, entenderase que o licitador retirou a súa oferta correspondente, que resultará excluída da licitación. Nese caso esixiráselle o importe do 3% do

orçamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalización, sen prexuízo do establecido na letra a) do número 2 do artigo 71, e solicitaráselle a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, segundo o artigo 150.2 da LCSP.

Se a retirada da oferta ten a súa causa en ter incorrido en falsidade ao efectuar a declaración responsable relativa ao cumprimento dos requisitos esixidos consonte ao artigo 141 da LCSP, o órgano de contratación iniciará o procedemento preceptivo para declarar a concorrencia da prohibición de contratar regulada no artigo 71.1 e) da LCSP, sen prexuízo da adopción de calquera outra acción legal que a administración lle puidera corresponder.

Finalmente, producida a retirada da oferta por parte do candidato proposto como adxudicatario, a Administración efectuará unha nova adxudicación ao licitador ou licitadores seguintes, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que sexa posible e que o novo adxudicatario presente a súa conformidade. Seguidamente, procederase, de novo, de acordo co establecido na presente cláusula.

7.5. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da recepción da documentación presentada polo licitador que se indica nos números anteriores.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase ao adxudicatario e aos restantes licitadores, e publicarase, simultaneamente, no perfil do contratante.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

7.6. NOTIFICACION DA ADXUDICACIÓN (art. 151 LCSP):

A resolución de adxudicación notificarase aos licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días.

A notificación e a publicidade deberán conter a información necesaria que permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación, e entre ela en todo caso deberá figurar a seguinte:

a) En relación cos candidatos descartados: a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.

b) Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación: os motivos polos que non se admitiu a súa oferta, incluídos, nos casos contemplados no artigo 126, apartados 7 e 8, os motivos da decisión de non equivalencia ou da decisión de que os servizos non se axustan aos requisitos de rendemento ou as esixencias funcionais; e unha desagregación das valoracións asignadas aos distintos licitadores, incluíndo ao adxudicatario.

c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia respecto das que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación indícarase o prazo en que debe procederse a formalización do contrato.

A notificación realizarase por medios electrónicos de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta da LCSP.

8. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: PRAZO E CONTIDO

8.1. O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo establecido no artigo 153 da LCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, ao cal se unira, formando parte do contrato, a oferta do adxudicatario e un exemplar do PCAP e do PPT. Para os efectos do devandito prazo compre ter en conta que este contrato non é susceptible de recurso especial en materia de contratación, polo que a formalización efectuarase non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade a sinatura do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal e o NIF asignado.

En ningún caso se poderán incluír cláusulas que impliquen alteración nos termos da adxudicación.

O contrato deberá ser subscrito na sede do órgano de contratación ou no lugar que este indique.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, correndo os gastos derivados do seu outorgamento á súa conta.

Ao contrato incorporarase a declaración á que se refiren as cláusulas 9.5 e 9.6 deste prego sobre confidencialidade e protección de datos de carácter persoal (Anexo VI).

8.2. Cando o contrato implique o acceso do contratista a ficheiros que conteñan datos de carácter persoal de cuxo tratamento este non sexa responsable no sentido do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, o contratista terá a consideración de encargado do tratamento, para os efectos establecidos na dita lei orgánica e na súa normativa de desenvolvemento.

O acceso non se considerara comunicación de datos, por ser necesario para a realización da prestación do obxecto do contrato.

En todo caso e cando o contratista teña acceso a ficheiros en que consten datos de carácter persoal de cuxo tratamento este non sexa responsable, será necesario que no contrato, ou nun documento independente, se inclúan as cláusulas precisas co obxecto de regular o dito acceso, nos termos e co contido previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, sen prexuízo do cumprimento dos demais requisitos establecidos na disposición adicional 25 da LCSP.

8.3. Ao contrato que se formalice uniranse, como anexos, un exemplar deste prego de cláusulas administrativas e do prego de prescricións técnicas asinados polo adxudicatario.

8.4. De conformidade co establecido no artigo 154 da LCSP, a formalización dos contratos deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato no perfil de contratante do órgano de contratación e respectando o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

Non obstante, poderán non publicarse determinados datos relativos a celebración do contrato cando se considere, xustificándose debidamente no expediente, que a divulgación desa información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, ou cando se trate de contratos declarados secretos ou reservados ou cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme a lexislación vixente, ou cando o esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado e así se declarase de conformidade co previsto na letra c) do apartado 2 do artigo 19.

En todo caso, previa a decisión de non publicar uns determinados datos relativos á celebración do contrato, os órganos de contratación deberán solicitar a emisión de informe polo Consello de Transparencia e Bo Goberno a que se refire a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no que se aprecie se o dereito de acceso á información pública prevalece ou non fronte aos bens que se pretenden salvagardar coa súa non publicación, que será evacuado nun prazo máximo de dez días.

Non obstante o anterior, non se requirirá o dito informe en caso de que con anterioridade se tivese efectuado polo órgano de contratación consulta sobre unha materia idéntica ou análoga, sen prexuízo da xustificación debida da súa exclusión no expediente nos termos establecidos neste apartado.

9. EXECUCIÓN DO CONTRATO

9.1. FORMA DE EXECUCIÓN:

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións que figuran nel, neste PCAP e no PPT, documentos que teñen carácter contractual, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dese ao contratista o responsable do contrato.

Será obriga do contratista indemnizar polos danos que se causen tanto a Administración contratante como a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do servizo, salvo cando tales prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración.

Cando corresponda ao contratista a obriga de indemnizar, e o importe dos danos e prexuízos ocasionados resultase superior a cantidade asegurada na póliza, a diferenza será igualmente por conta do adxudicatario, que deberá facela efectiva directamente. Os riscos asegurados comprenderán tamén os que poida orixinar o persoal adscrito ao servizo adxudicado.

O contratista está obrigado a cumprir coas condicións esenciais en relación coa execución do contrato que, de conformidade co artigo 202 da LCSP en relación coas condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou doutra orde, se establecesen no apartado N do cadro de características deste prego.

O lugar de prestación do servizo será o indicado no apartado T do cadro de características

9.2. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA:

O contratista está obrigado a cumprir o prazo de execución do contrato que se recolle no apartado F do cadro de características deste PCAP.

No suposto en que o contrato sexa de tracto sucesivo, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo, cando así se indique no apartado O do cadro de características, que deberá ser aprobado polo órgano de contratación.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei. As prórrogas serán as previstas no apartado F do cadro de características.

A prórroga acordarase polo Órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

A prórroga do contrato establecida neste apartado non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dea a causa da resolución establecida no artigo 198.6 por demorarse a Administración no aboamento do prezo máis de seis meses.

Cando se produza demora na execución da prestación por parte do empresario, o órgano de contratación poderá conceder unha ampliación do prazo de execución, sen prexuízo das penalidades que no seu caso procedan, resultando aplicables os artigos 192 e seguintes da LCSP.

9.3. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA, TRANSFERENCIA DO RISCO OPERACIONAL E MANTEMENTO DO EQUILIBRIO ECONÓMICO:

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. O dereito de explotación do servizo implicará a transferencia á concesionaria do risco operacional, conforme ao disposto na LCSP no artigo 15 en relación co establecido no artigo 14.4. Así e todo, a Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, cando se produzan os supostos establecidos no artigo 290.4 da LCSP, mediante as medidas que se indican no artigo 290.5 da LCSP.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista será responsable igualmente dos danos e perdas que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios en que o traballo incorrese, de acordo co establecido no artigo 311 da LCSP. Se o contrato se executa de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente.

Cando o contratista, ou persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta as prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados. Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rexeitala quedando exenta da obrigaçión de pagamento ou tendo dereito, no seu caso, a recuperación do prezo satisfeito, segundo se dispón no artigo 311.3 da LCSP.

9.4. OBRIGAS E DEREITOS

9.4.1. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Obrigas relativas á explotación:

O contratista deberá:

a) Prestar o servizo coa continuidade convida garantindo aos particulares o dereito para utilizalo nas condicións pactadas, mediante o aboamento, de ser o caso, da contraprestación económica prevista nas tarifas aprobadas, debendo entregar aos usuarios o correspondente xustificante, *ticket* ou factura cos requisitos esixidos pola regulamentación aplicable ao tipo de establecemento como o que é obxecto desta contratación. En calquera caso, o documento estendido deberá presentar unha desagregación por separado comprensible e completo dos consumos efectuados (unidades + descrición + prezo por artigo) e o importe total da cantidade cobrada.

b) Coidar a boa orde do servizo, prestando o mesmo con cumprimento exacto das cláusulas administrativas particulares e técnicas contidas nos pregos polos que se rexe o contrato, e con suxeición as instrucións que procedan do órgano de contratación relativas á prestación.

c) Pagar o canon e os consumos de subministros nos termos convidados.

d) Pagar os gastos derivados de:

- As obras requiridas, o acondicionamento e a decoración completa do local destinado a cafetería, unha vez entregados estes e tras o inicio da explotación.
- A adquisición do equipamento, maquinaria, mobiliario, enxoval e aparellos e, en xeral, calquera elemento necesario para a execución da prestación.
- O mantemento en perfectas condicións do mobiliario, maquinaria e instrumental utilizado.
- O mantemento do local descrito no punto 1.2 do PPT, sendo da súa conta todo tipo de reparacións e tarefas de acondicionamento precisas, ben a iniciativa propia do adxudicatario ou ben a instancia da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense.
- E, en definitiva, todos os gastos iniciais ou futuros que se produzan durante a vixencia do contrato, consecuencia da explotación.

e) Pagar os gastos que deriven do funcionamento habitual do servizo, segundo se indica no punto 2.5 do Prego de Condicións Técnicas

Outras obrigas:

Sen prexuízo de calquera outra expresamente contemplada ou que poida derivarse da vixencia do contrato:

- O adxudicatario absterase de facer publicacións, colgar carteis, letreiros ou anuncios publicitarios de ningún xénero, agás que sexa previamente autorizado pola Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense

- A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense poderá prohibir a exposición e venda de calquera artigo dos contidos no obxecto do contrato, cando ao seu criterio o considere oportuno, que, fundamentado, expoñerá ao contratista.

- O adxudicatario será o responsable do cumprimento, no espazo do local destinado a cafetería, da Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Local e espazos para exercer a actividade:

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense poñerá a disposición do adxudicatario os locais e espazos nos que desenvolverá a súa actividade, debendo mantelos en perfecto estado de uso, limpeza e conservación, correspondendo, en particular, ao adxudicatario:

- a) O uso dos locais e dos espazos cedidos coa dilixencia debida, destinándoos ao uso pactado.
- b) A realización, a súa costa, das reparacións necesarias nos locais e nos espazos cedidos, sen que iso afecte o pago puntual do canon ao que esta obrigado, aínda que durante tales reparacións se vexa obrigado a pechar o local, neste caso o destinado a cafetería.
- c) Poñer en coñecemento da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, con moita brevidade, toda usurpación ou dano que un terceiro realizase nos locais cedidos.

- O adxudicatario non adquire ningún dereito patrimonial sobre o local e os espazos onde leve a cabo a explotación obxecto deste servizo, polo que, cando por calquera causa se produza a terminación do contrato, o adxudicatario deberá abandonar os locais e os espazos no prazo máximo de dez (10) días, a contar desde o requirimento realizado para o efecto pola Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense sen dereito a retención nin compensación con outros posibles dereitos que ostente fronte a Xunta de Galicia.

O adxudicatario non poderá realizar ningunha obra posterior ás de acondicionamento inicial do local e dos espazos, sen autorización expresa do órgano de contratación. En caso de autorización, as obras serán visadas e supervisadas polos servizos técnicos da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense. De acordarse algunha reforma, esta quedaría a beneficio da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense sen dereito a indemnización.

- O adxudicatario queda obrigado a efectuar á súa costa as revisións de mantemento dos aparellos e instalacións da cafetería.

- A empresa adxudicataria non poderá facer uso nas súas relacións comerciais, laborais ou doutra índole, do nome da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, sen expresa autorización desta.

9.4.2 DEREITOS DO ADXUDICATARIO:

Sen prexuízo de calquera outro expresamente contemplado ou que poida derivarse da vixencia do contrato, o adxudicatario ten dereito a:

- a) Percibir das persoas usuarias da cafetería as correspondentes tarifas de acordo coa lista de prezos máximos que se apliquen.
- b) Ser mantido no uso pacífico dos locais e dos espazos durante todo o tempo de vixencia do contrato.

9.4.3 OBRIGAS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:

Sen prexuízo de calquera outra expresamente contemplada ou que poida derivarse da vixencia do contrato:

- a) Entregar ao contratista os locais e espazos destinados para o desenvolvemento do obxecto do contrato.
- b) Facilitar ao contratista a execución das obras de reforma e adecuación do local e dos espazos e de acondicionamento e dotación do local e dos espazos, resolvendo con moita brevidade as incidencias que puidesen xurdir e adoptando as medidas convenientes para non alterar o ritmo das obras.
- c) Manter ao contratista no uso pacífico do local destinado a cafetería, garantindo que, durante a vixencia do contrato, non existirán outros servizos de cafetería nas dependencias da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense agás naqueles casos concretos que, polas circunstancias particulares do servizo

que se deba prestar, a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense os autorice, o cal seralle debidamente comunicado ao contratista.

Nas feiras por parte dos expositores pódese instalar nos seus stands equipos e expedir produtos, sempre que tal actividade teña relación directa coa actividade da feira. Así mesmo, durante a celebración do Salón Galego de Gastronomía e Turismo “Xantar”, tendo en conta que o obxecto da feira é a promoción do turismo gastronómico, os expositores poderán montar no recinto restaurantes necesarios para dita promoción.

Nos acontecementos organizados por terceiros aos que a Fundación aluga as instalacións, o uso das mesmas é privativo dos organizadores, polo que eles poderán instalar todo tipo de equipos servizos. Para o caso de servizos de restauración e/ou hostalería garante o contacto de eses terceiros no momento da firma do contrato ca empresa adxudicataria do servizo de cafetería de Expourense.

d) Comunicar ao contratista, con suficiente antelación, as obras que fose preciso realizar nos edificios ou espazos administrativos e que puidesen afectar e perturbar a prestación do servizo.

9.4.4 DEREITOS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:

Sen prexuízo de calquera outro expresamente contemplado ou que poida derivarse da vixencia do contrato:

- a) Percibir o canon establecido nos termos pactados.
- b) Esixir ao contratista as obras que deban realizarse no local destinado a cafetería durante a vixencia do contrato e que se consideren necesarias ou urxentes.
- c) Rexeitar o material empregado na execución da obra, así como o mobiliario, que non reúna as condicións de calidade e características sinaladas no proxecto que servise de base ao contrato, estando o adxudicatario obrigado a substituílos por outros.
- d) A recuperación do local destinado a cafetería ao finalizar o período contractual, con inclusión das obras de instalacións en estado de funcionamento e conservación adecuados.

9.5. PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL:

O contratista cédelle en exclusiva á Fundación contratante a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, agás os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade das creacións resultado deste contrato. A Administración adquirirá a propiedade intelectual do traballo obxecto do contrato desde o seu inicio e son responsabilidade do contratista os prexuízos que poidan derivar contra tal dereito de propiedade por actuacións a el imputables.

A cesión abrangue todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas, etc.; todo isto inclúe calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para tal efecto, o contratista terá que entregarlle ao órgano de contratación, en perfecto estado para o uso a que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato.

A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e uso destes.

A cesión destes dereitos a Fundación contratante non ten limitación ningunha en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que desta derive.

O prezo pola cesión destes dereitos atópase comprendido no da licitación e a Fundación contratante non está obrigada a aboar ningunha cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.

A execución do contrato comporta a cesión á Fundación contratante do dereito de uso dos ditos produtos, e esta pode, ademais, autorizar o seu uso aos entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público a que se refire o artigo 3.1 da LCSP.

9.6. CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO:

O contratista deberá gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

Non se poderá transferir ningunha información sobre os traballos ou os seus resultados, nin sobre a información base solicitada, sen o consentimento previo do órgano de contratación.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. O órgano de contratación poderá especificar as ditas materias no apartado U do cadro de características deste prego ou no contrato.

O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa debera presentar unha declaración responsable na que se comprometa a dita obriga contractual (Anexo VI).

9.7. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL:

O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa declarará documentalmente (Anexo V) que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da prestación do servizo se fará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e será, así mesmo, de aplicación a Disposición adicional vixésimo quinta da LCSP e demais normativa de aplicación, nacional e da Unión Europea, en materia de protección de datos.

Ademais, no caso de que a execución do presente contrato requira o tratamento polo adxudicatario de datos persoais por conta do responsable do tratamento, a adxudicataria ten a obriga de presentar, antes da formalización do contrato, unha declaración na que porá de manifesto ónde van estar situados os servidores e desde onde se van prestar os servizos asociados a eles, así como a comunicar calquera cambio que se produza, ao longo da vida do contrato, da información facilitada na antedita declaración.

Neste suposto, ademais, contemplarase no apartado N do cadro de características como condición especial de execución ao respecto do disposto no artigo 202 da LCSP.

Así mesmo, os licitadores deberán indicar na súa oferta, se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados para eles, o nome ou o perfil empresarial definido por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratista aos que se vaia encomendar a súa realización.

A finalidade da dita cesión ven determinada pola súa necesidade para garantir un axeitado desenvolvemento da totalidade de prestacións que constitúe o obxecto do contrato.

9.8. SUBROGACIÓN:

Nos casos en que así o esixa a normativa vixente, o contratista terá a obriga de subrogarse como empregador nas relacións laborais dos traballadores. De ser o caso, a relación e as condicións laborais das persoas traballadoras detállanse no documento correspondente.

Cando se produza a dita subrogación, o contratista deberá proporcionar ao órgano de contratación, por requirimento deste ou, en todo caso, cunha antelación mínima de 4 meses a finalización do prazo de execución do contrato, a información relativa a relación e as condicións laborais das persoas traballadoras que deban ser obxecto de subrogacións sucesivas nas condicións previstas no artigo 130 da LCSP. Sen prexuízo do establecido no apartado 6 do artigo 130.

9.9. PERSOAL DO CONTRATISTA:

O adxudicatario, baixo a supervisión do responsable do contrato, proporciona a súa propia dirección e xestión na execución sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, nos termos do artigo 311 da LCSP.

A empresa contratista disporá en todo momento do persoal necesario e adecuado para a execución do contrato. Particularmente, garantirá:

- A cobertura, en todo momento, do servizo contratado co persoal necesario para a súa realización, que ofertase, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.
- A categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado ao contrato.

A empresa contratista disporá para a execución do contrato de estrutura xerarquizada propia, cun responsable que se encargará de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo, así como as directrices relativas a súa distribución.

Corresponde, así mesmo, a entidade contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

Atendida a natureza do servizo, deberá ser prestado nos lugares que se sinalan no apartado T do cadro de características deste prego.

En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcionarial ou laboral entre a Fundación e o contratista.

No momento de extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal da Xunta de Galicia.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa condición de empregador respecto deste, e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense é de todo allea as referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá ser alegado ningún dereito polo referido persoal en relación coa Fundación contratante nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

A adxudicataria comprométese a retribuír adecuadamente ao persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Fundación contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de maneira que, en ningún caso, poderán repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturara polo servizo.

A adxudicataria queda obrigada, respecto do persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se atope vixente en cada momento. Así mesmo, promoverá condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero.

O adxudicatario será responsable dos accidentes que puidesen sobreir ao seu persoal no exercicio do seu traballo no complexo. O adxudicatario dotará ao seu persoal de todos os medios de seguridade necesarios estando obrigado a cumprir con toda a lexislación vixente en materia de seguridade e saúde no traballo, especialmente Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Servizos de Prevención.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus labores, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo a Fundación contratante.

Así mesmo, é responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo, excepto aqueles que, de ser o caso, se indiquen no prego de prescricións técnicas.

Comunicarase a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, para a súa aprobación, calquera modificación no número de empregados a ocupar na prestación do servizo, así como informe que xustifique a necesidade da medida.

9.10. RESPONSABLE DO CONTRATO:

Segundo o disposto no artigo 62 da LCSP, o órgano de contratación deberá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do contrato, quen supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e adoptará as decisións e cursará ao contratista as ordes e instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada. Para os ditos efectos, a persoa responsable do contrato poderá realizar todos os controis aleatorios que considere oportunos. O responsable do contrato e o que figura na portada deste PCAP.

9.11. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO:

Conforme ao previsto no artigo 290 da LCSP:

1. A Fundación poderá modificar as características do servizo contratado e as tarifas que deberán ser aboadas polos usuarios, unicamente por razóns de interese público e se concorren as circunstancias previstas na Subsección 4. a da Sección 3. a do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da LCSP.
2. Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, deberase compensar a parte correspondente de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato.
3. No caso de que os acordos que dite a Fundación respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica, o concesionario non terá dereito a indemnización por razón destes.
4. Deberase restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:
 - a) Cando a Fundación realice unha modificación das sinaladas no apartado 1 do presente artigo concorrendo as circunstancias alí establecidas.

b) Cando actuacións da entidade concedente, polo seu carácter obrigatorio para o concesionario determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.

Fora dos casos previstos nas letras anteriores, unicamente procederá o restablecemento do equilibrio económico do contrato cando causas de forza maior determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato. Para estes efectos, entenderase por causas de forza maior as enumeradas no artigo 239 da presente Lei.

En todo caso, non existirá dereito ao restablecemento do equilibrio económico financeiro por incumprimento das previsións da demanda recollidas no estudo da Fundación ou no estudo que puidese realizar o concesionario.

5. Nos supostos previstos no apartado anterior, o restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan. Estas medidas poderán consistir na modificación das tarifas a aboar polos usuarios, a modificación da retribución a aboar pola Fundación concedente, a redución do prazo da concesión e, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Así mesmo, nos casos previstos na letra b) e no último parágrafo do apartado anterior, poderá ampliarse o prazo do contrato por un período que non exceda dun 15 por cento da súa duración inicial, respectando os límites máximos de duración previstos legalmente.

6. O contratista terá dereito a desistir do contrato cando este resulte extraordinariamente oneroso para el, como consecuencia dunha das seguintes circunstancias:

a) A aprobación dunha disposición xeral por unha Administración distinta da concedente con posterioridade á formalización do contrato.

b) Cando o concesionario deba incorporar, por vir obrigado a iso legal ou contractualmente, as obras ou a súa explotación avances técnicos que as melloren notoriamente e cuxa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á formalización do contrato.

Entenderase que o cumprimento do contrato devén extraordinariamente oneroso para o concesionario cando a incidencia das disposicións das Administracións ou o importe das melloras técnicas que deban incorporarse supoñan un incremento neto anualizado dos custos de, polo menos, o 5 por cento do importe neto da cifra de negocios da concesión polo período que reste ata a conclusión desta. Para o cálculo do incremento deduciranse, se fora o caso, os posibles ingresos adicionais que a medida puidese xerar.

Cando o contratista desistise do contrato como consecuencia do establecido neste apartado a resolución non dará dereito a indemnización ningunha para ningunha das partes.

9.12. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN DO SERVIZO:

Cesión:

A cesión dos dereitos e obrigas deste contrato unicamente poderá levarse a cabo nos supostos en que así se indique expresamente no apartado Ñ.1 do cadro de características e cos límites e condicións establecidos no artigo 214 da LCSP.

Subcontratación:

Dada a natureza do contrato, salvo que no apartado Ñ.2 do cadro de características se prohíba a subcontratación, a subcontratación poderá recaer en prestacións accesorias nas condicións que se indiquen no dito cadro, de conformidade co artigo 296 da LCSP e aplicando a regulación establecida nos artigos 215, 216 e 217 da dita lei.

Se no apartado Ñ.2 do cadro de características se impuxese aos licitadores a obriga de indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización, os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente na mesma ou por referirse a partes da prestación diferentes as sinaladas nela, non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegado as xustificacións a que se refire a letra b) do artigo 215 da LCSP, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a Fundación non notificase dentro deste prazo a súa oposición aos mesmos. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional.

A infracción das condicións establecidas para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas na LCSP, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se preveña no apartado Ñ.2 do cadro de características:

1. A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.
2. A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211 da LCSP.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, con arranxo estrito aos pregos de cláusulas administrativas particulares ou documento descritivo, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201 LCSP.

O coñecemento que teña a Fundación dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refiren as letras b) e c) do apartado 2 do artigo 215 da LCSP, ou a autorización que outorgue no suposto previsto na letra d) do devandito apartado, non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertarse polo contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71 da LCSP.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán en todo caso natureza privada.

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quincuaxésima primeira, os subcontratistas non terán acción directa fronte a entidade contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

O contratista está obrigado a aboar aos subcontratistas ou subministradores o prezo pactado nos prazos e condicións que se indican no artigo 216 da LCSP.

A Fundación poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que o contratista deba efectuar aos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán ao ente público contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar coa

solicitude ao ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais no que lle sexa de aplicación.

Estas obrigas considéranse condicións especiais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalizacións que para tal efecto se establezan.

En caso de subcontratación total ou parcial do obxecto do contrato, o contratista será responsable de asinar o compromiso de confidencialidade coa entidade subcontratada, así como de garantir o cumprimento por parte desta das medidas de seguridade que correspondan segundo o contrato prestado.

En caso de que a información tratada conteña datos de carácter persoal, serán así mesmo de aplicación os requisitos establecidos no artigo 21 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

9.13. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA:

En caso de financiamento do contrato con fondos estruturais e de investimento europeos (ESI), serán por conta do adxudicatario os gastos necesarios para a instalación dun cartel e/ou placa ou elaboración doutro material publicitario que resulten esixibles en cumprimento das obrigas de información e publicidade aplicables a cada fondo, nos termos establecidos na correspondente estratexia ou plan de comunicación. Os requisitos de formato e contido esixibles ao cartel, placa ou outro material que resulte exixible serán especificados polo órgano de contratación.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que serán por conta do contratista, agás o IVE que deba ser repercutido e soportado pola Fundación, que se indicará como partida independente.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

9.14. SUSPENSIÓN DO CONTRATO:

Se a Fundación acorda a suspensión do contrato ou aquela ten lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 da LCSP, redactarase unha acta na cal se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel coas consecuencias sinaladas nos artigos 198 e 208 da LCSP e 103, 170 e 171 do RXLCAP.

Acordada a suspensión, a Fundación aboará ao contratista, se fora o caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifraran conforme ao disposto nos números 2 e 3 do artigo 313 da LCSP.

9.15. INCUMPRIMENTO DO CONTRATO. PENALIDADES:

O órgano de contratación establece para este contrato as penalidades específicas que se detallan a continuación.

As infraccións en que incorra a adxudicataria clasifícanse en leves, graves e moi graves. Serán considerados **incumprimentos leves**:

- a) As simples irregularidades no cumprimento do que prescriben os Pregos de Condicións, sempre que non causen un prexuízo directo de carácter económico.
- b) Non atender ós requirimentos que se realicen dende a Fundación, en relación coa explotación das instalacións.
- c) O comportamento incorrecto do adxudicatario cos usuarios do servizo.
- d) A falta de limpeza das instalacións e bens existentes nas mesmas.
- e) Incumprimento dos horarios de apertura ou peche das instalacións, ou da prestación dos servizos, cando sexa en menos de media hora, agás causa de forza maior apreciada pola Fundación.
- f) O incumprimento de calquera outra das obrigas establecidas para o adxudicatario no presente Prego de condicións se sempre que non teñan carácter de grave ou moi grave.

Pola comisión de infraccións leves a Fundación poderá impoñer sancións de ata 750 euros.

Serán considerados **incumprimentos graves**:

- a) A comisión de tres infraccións leves no prazo dun ano.
- b) Non coidar coa dilixencia necesaria os bens afectos á explotación da actividade incumprimento das ordes da Fundación sobre modificación ou melloras do servizo que non impliquen maior gasto ao adxudicatario.
- c) A actuación do adxudicatario que dea lugar á depreciación das instalacións exercicio de actividades non comprendidas no contrato, o uso anormal ou destinar as instalacións a fins distintos dos autorizados.
- d) A instalación de equipamentos non autorizados.
- e) A demora no pagamento de canon, facturas de servizos o mantemento nun prazo superior a tres meses.

Pola comisión de infraccións graves a Fundación poderá impoñer sancións de ata 1.500 €.

Serán considerados **incumprimentos moi graves**:

- a) A comisión de tres infraccións graves no prazo dun ano.
- b) Incumprimento reiterado e grave das instrucións de manter as instalacións, bens e zona da explotación, nas debidas condición de seguridade e salubridades.
- c) Deficiencias na prestación da actividade que prexudique os usuarios das instalacións, ou que produza danos de carácter económico, con inobservancia das advertencias que a Fundación lle tivera formulado ao respecto.
- d) Non efectuar as reparacións precisas nas instalacións, bens, ou zona afectos á explotación calquera que sexa a causa ou alcance.
- e) Non dar comezo no prazo indicado a explotación das instalacións, agás cando obedeza a causas de forza maior.
- f) Realizar obras nos locais sen a correspondente autorización.
- g) Non aboar o canon estipulado nin as débedas incurridas ca Fundación
- h) Ceder, arrendar ou traspasar a explotación da cafetería, restaurante ou autoservizo sen a preceptiva autorización por parte da Fundación.
- i) A suspensión ou interrupción dos servizos, salvo causa de forza maior apreciada pola Fundación.
- j) incumprimento das súas obrigas laborais, seguridade e hixiene, e seguridade social co persoal afecto á explotación das instalacións.
- k) Incumprimento dos horarios de apertura ou peche das instalacións, ou da prestación dos servizos, cando sexa en máis de unha hora, ou incumprimento dous días de apertura, agás causa de forza maior apreciada pola Fundación.

- l) Non subscripción das pólizas de seguros esixidas, ou subscribilas en distintas condicións, ou non abonar os recibos das pólizas ó seu vencemento.
- m) Por perturbación grave do servizo derivada da actividade do adxudicatario.
- n) incumprimento de calquera das obrigas esenciais establecidas para o adxudicatario neste prego.

Pola comisión de infraccións moi graves a Fundación poderá impoñer sancións de ata 3.000 € ou a resolución do contrato.

Con independencia do tipo de infracción e da sanción imposta, cando se producisen danos nas instalacións, e non sexan como consecuencia de casos fortuitos ou forza maior, a Fundación poderá esixir a restauración dos elementos danados.

A aplicación de sancións non exclúe a indemnización de danos e perdas á que poda ter dereito a Fundación orixinadas polo incumprimento do contrato.

Incumprimento na inspección e xestión do contrato:

O órgano de contratación terá a facultade de exercer, de xeito continuado e directo, as súas facultades de inspección sobre o desenvolvemento do contrato, e de ser informada cando o solicite do proceso de prestación do servizo, podendo ordenar cantas instrucións estime oportunas para o estrito cumprimento do convido.

O contratista quedará obrigado a facilitar a realización das inspeccións que acorde o órgano de contratación, facilitando os antecedentes, informes e datos necesarios para garantir a súa plena efectividade. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar, en todo caso, á resolución do contrato.

9.16. DETERMINACIÓN E RÉXIME DE PAGAMENTO DO CANON:

O canon deste contrato de concesión de servizos foi fixado utilizado o sistema reflectido no apartado A do cadro de características deste prego e o seu pagamento realizarase de acordo co disposto no dito apartado A.

9.17. TRANSMISIÓN DOS DEREITOS DE COBRAMENTO:

Segundo o disposto no artigo 200 da LCSP, os contratistas que teñan dereitos de cobramento fronte á Administración, poderán cedelos conforme a dereito, nos termos especificados no dito artigo.

Para que a cesión do dereito de cobro sexa efectiva fronte a Fundación, será requisito imprescindible a notificación fidedigna a mesma do acordo de cesión.

A eficacia das segundas e sucesivas cesións dos dereitos de cobro cedidos polo contratista quedará condicionada ao cumprimento do disposto no número anterior.

Unha vez que a Fundación teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión póñase en coñecemento da Fundación, os mandamentos de pago a nome do contratista ou do cedente forneceran efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobro non producirán efectos fronte a Fundación. En todo caso, a Administración poderá opoñer fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

10. EXTINCIÓN DO CONTRATO

De conformidade co disposto no artigo 209 da LCSP, o contrato extinguirase polo seu cumprimento ou por resolución.

10.1. CUMPRIMENTO DO CONTRATO:

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e, se fora o caso, no de prescricións técnicas, e a satisfacción da Fundación, cuxa conformidade se fará constar de forma expresa dentro do prazo dun mes de terse producido a entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no apartado T do cadro de características.

10.2. RESOLUCIÓN DO CONTRATO:

O contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 211 e 313 da LCSP, o que dará lugar aos efectos previstos nos artigos 213 e 294 da LCSP.

Nos casos en que se esixa o deber de gardar sixilo, producirá igualmente a resolución do contrato o incumprimento polo contratista do deber de gardar sixilo a que se refire a cláusula 9.5, respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

10.3. GARANTÍA DO SERVIZO PRESTADO:

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que leve a cabo e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Fundación ou para terceiros dos omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O obxecto do contrato quedará suxeito ao prazo de garantía que se indique no apartado H do cadro de características deste prego, ou o que, se fora o caso, se establecese no contrato por mellora do adxudicatario, contado desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Fundación poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado neste prego e no de prescricións técnicas.

Sempre que se xustifique debidamente no expediente de contratación, exceptúanse deste prazo de garantía os contratos en que non resulte necesario, en atención a natureza e características da prestación; neste suposto sinalarase esta circunstancia no citado apartado do cadro de características. Os contratos de mera actividade ou de medios extinguiranse polo cumprimento do prazo inicialmente previsto ou as prorrogas acordadas, de acordo co artigo 311.6 LCSP, sen prexuízo da prerrogativa da Fundación de depurar a responsabilidade do contratista por calquera eventual incumprimento detectado con posterioridade.

Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamarlle ao contratista a emenda, pola súa conta, de todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que poidan derivar das responsabilidades en que puidese ter incorrido, de acordo co establecido no presente prego e no artigo 311 da LCSP.

Terminado o prazo de garantía sen que a Fundación formalizase algún dos reparos ou a denuncia referida, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

10.4. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA:

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que se deban exercer sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, se fora o caso, dítase acordo de devolución ou cancelación daquela, logo de informe favorable do responsable do contrato ou de quen exerza a dirección do contrato.

No suposto de recepción parcial, autorízase a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía, logo de solicitude do contratista.

Transcorrido o prazo dun ano desde a data de terminación do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, a devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades a que se refire o artigo 111 da LCSP.

Cando o importe do contrato sexa inferior a 100.000 euros, ou cando as empresas licitadoras reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (UE) no 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se decláran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, o prazo reducirase a seis meses.

11. ANEXOS

Anexo I. Declaración responsable complementaria ao DEUC.

Anexo II. Declaración responsable de inscrición en rexistros de licitadores e non variación dos datos reflectidos nos seus certificados.

Anexo III. Proposición económica relativa a criterios avaliábeis de forma automática .

Anexo IV. Proposición técnica relativa a criterios avaliábeis mediante xuízos de valor .

Anexo V. Compromiso para a integración da solvencia con medios externos.

Anexo VI. Declaración responsable en materia de confidencialidade e protección de datos.

Anexo VII. Presentación da licitadora e solicitude de participación.

INFORME DA ASESORIA XURÍDICA DA XUNTA DE GALICIA

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

De conformidade co establecido no artigo 122 da LCSP, unha vez informado favorablemente o prego pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, o órgano de contratación acorda aprobar este prego de cláusulas administrativas particulares que consta de portada, cadro de características, clausulado e anexos (total 71 páxinas).

Ourense,

A director xerente da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense.

Rogelio Martínez González

ANEXO I - DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPLEMENTARIA AO DEUC

Código do Expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: /..... /.....

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA:

Nome: Apelidos:

NIF:

Teléfono fixo/móbil: /..... Fax:

Correo electrónico:

Enderezo para os efectos de notificacións:

No caso de actuar en representación de persoa xurídica:

- Entidade mercantil:
- NIF:
- Domicilio social:
- Datos de constitución (referencia escritura):
- Nome e apelidos do representante:
- Poder de representación (referencia escritura):
- Cargo:
- Teléfono fixo/móbil: _____ / _____ Fax: _____
- Correo electrónico:
- Enderezo sinalado para os efectos de notificacións:
- Número de inscrición da empresa no rexistro de contratistas (de ser o caso):

MANIFESTA:

A súa vontade de tomar parte na contratación referida, polo importe sinalado na proposición económica (Anexo III):

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
- Que nin o asinante da declaración nin a entidade que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes se atopan incursos en ningún suposto a que se refire o artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta.
- Que, en relación co establecido no artigo 149.3 da LCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil que represento (consignar o que proceda):

Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no cal concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de comercio.

Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no cal concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de comercio. A denominación social das empresas vinculadas e a seguinte:

a)

b)

c)

- Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas e 149 da LCSP, a entidade que represento comprometése a achegar ou, de ser o caso, facilitar canta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.
- No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, para efectos de notificación, o nome e os apelidos do representante, enderezo, Teléfono e fax de contacto.
- Que a condición da mina empresa e:

PEME

NON PEME

(Para os efectos de cumprimentar este apartado, considérase PEME á empresa que ocupa a menos de 250 persoas e cun volume de negocio anual que non excede de 50 millóns de euros ou cun balance xeral que non excede de 43 millóns de euros)

2. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS:

De conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (marcar segundo proceda):

A) AUTORIZO A CONSULTA AO ÓRGANO CONTRATANTE DOS DATOS SINALADOS QUE SE RELACIONAN:

(sinalar expresamente poñendo unha cruz ante o servizo autorizado)

Consulta de datos de identidade de persoas físicas.

Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

Alta na Seguridade Social.

Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas.

Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e Estatal.

Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes.

Verificación de títulos oficiais universitarios.

Verificación de títulos oficiais non universitarios.

Consulta de datos sobre imposto de actividades económicas.

B) NON AUTORIZO A CONSULTA DE DATOS

3. CORREO ELECTRÓNICO PARA O EFECTO DE NOTIFICACIONES:

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

4. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL:

O abeiro do disposto no artigo 133 da LCSP, declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

.....
.....
.....
.....

Motivación:

5. CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA:

MANIFESTO coñecer o contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado mediante a Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG núm.. 179, do 19.9.2014).

6. DOCUMENTACIÓN DE DESEMPATE

Non achego documentación de desempate.

No caso de que se produza un empate entre os licitadores deste procedemento, comprométome a presentar, no momento en que sexa requirida, a seguinte documentación:

7. SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL (só para empresarios estranxeiros)

Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, poidan xurdir do contrato con renuncia, se for o caso, o foro xurisdiccional estranxeiro que me poida corresponder.

En, de de 202.....

(Lugar e data)

Sinatura:

ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INSCRIPCIÓN EN REGISTROS DE LICITADORES E DE NON VARIACIÓN DOS DATOS REFLECTIDOS NOS SEUS CERTIFICADOS

Código do Expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: /..... /.....

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA:

Nome: Apelidos:

NIF:

Teléfono fixo/móbil: /..... Fax:

Correo electrónico:

Enderezo para efectos de practica de notificacións:

No caso de actuar en representación:

Entidade mercantil que representa:

NIF:

Cargo:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade se atopa inscrita no rexistro de licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado

Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº.....)

Sinatura e selo:

ANEXO III - PROPOSICIÓN ECONÓMICA RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE C)

Código do Expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: /..... /.....

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA:

Nome: Apelidos:

NIF:

Teléfono fixo/móbil: /..... Fax:

Correo electrónico:

Enderezo para efectos de practica de notificacións:

No caso de actuar en representación:

Entidade mercantil que representa:

NIF:

Cargo:

MANIFESTA:

Que, coñecido o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer a contratación referida e aceptando integra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, nas seguintes condicións:

LISTAXE DE PREZOS OFERTADOS DE CAFETERÍA E COMEDOR

1. LISTAXE DE PREZOS OFERTADOS. Acompaña-se listaxe de prezos ofertados segundo o establecido no ANEXO II do prego de prescricións técnicas CUBRIR SO AQUELES DISTINTOS AOS MAXIMOS. No caso de que non se indique ningún prezo na oferta, considéranse ofertados os prezos máximos

2. OFERTAS MENÚS

Tipo de menú	Prezo que se oferta
Almorzo completo	
Menú do día	

3. OFERTA DE PRODUTOS DE COMERCIO XUSTO, DISTINTOS AO CAFÉ, CON CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA (FLO) (ENGADIR TANTOS COMO SEXA NECESARIO)

1. _____

2. _____

3. _____

4. _____

4. OFERTA DE PRODUCTOS SEN GLUTE, SEN LACTOSA, VEXETARIANOS, INTEGRAIS E HIPOSALINOS
(ENGADIR TANTOS COMO SEXA NECESARIO)

1. _____

2. _____

3. _____

4. _____

Así mesmo, comprométese ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en:

- Materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.
- Protección de datos de carácter persoal.

Para todos os efectos, esta oferta comprende non so o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido, a teor do disposto no artigo 25 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no artigo 139.4 da LCSP.

....., de de 202....

(Sinatura e selo do licitador)

ANEXO IV - PROPOSICIÓN TÉCNICA RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR (SOBRE B)

Código do Expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: /..... /.....

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA:

Nome: Apellidos:

NIF:

Teléfono fixo/móbil: /..... Fax:

Correo electrónico:

Enderezo para efectos de practica de notificacións:

No caso de actuar en representación:

Entidade mercantil que representa:

NIF:

Cargo:

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Primeiro. Que ostenta a representación da sociedade que presenta a oferta; que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, de ser o caso, a clasificación correspondente; dispón das autorizacións necesarias para exercer a actividade; e non se atopa incurso en ningunha prohibición de contratar.

- No suposto de recorrer as capacidades doutras entidades, engadir: así mesmo, declara responsablemente que existe o compromiso a que se refire o artigo 75.2 da LCSP.
- No caso de empresas estranxeiras, engadir: así mesmo, declara responsablemente que se somete ao foro español.

Segundo. Que, coñecido o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer a contratación referida e aceptando integra incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

Terceiro. Que o arquivo denominado sobre B contén a seguinte documentación*:

- Plans de información nutricional aos clientes SI NON

- Métodos para medir a satisfacción dos clientes SI NON

- Relación de recursos materiais, equipos e utensilios ofertados para completar o equipamento existente SI NON

- Memoria na que se detallan as características de primeira calidade dos produtos que integran os menús ofertados SI NON

- Relación de menús SI NON

- Memoria de controis de limpeza, bromatolóxico e calquera outros que incida na calidade do servizo
SI NON

- Memoria de medidas propostas para a redución do uso de plástico SI NON

*Acompáñase a documentación acreditativa dos restantes elementos da proposición técnica.

ANEXO V - COMPROMISO PARA A INTEGRACIÓN DA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS

(Unha declaración por cada entidade, se son máis dunha, que pon a disposición do licitador a súa solvencia ou medios)

D./Dna, co NIF número, en nome e representación da entidade, con NIF, co obxecto de participar na contratación denominada

E

D./Dna, co NIF número, en nome e representación da entidade, co NIF

Comprométense, de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a:

- En representación da entidade (que dispón da solvencia ou dos medios) pono a disposición da entidade (que licita ao presente procedemento) a seguinte solvencia ou medios:
 -
 -
- Durante toda a execución do contrato dispoñerán efectivamente da solvencia ou medios que se describen neste compromiso.
- A disposición efectiva da solvencia ou medios descritos non esta sometida a condición ou limitación ningunha.
- A entidade que pon a disposición da entidade licitadora a solvencia ou os medios requiridos asume a responsabilidade subsidiaria polas obrigas e responsabilidades derivadas do contrato para a empresa contratista.

Data

Sinatura do licitador

Sinatura da outra entidade

ANEXO VI - DECLARACIÓN RESPONSABLE EN MATERIA DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

Código do Expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: / /

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA:

Nome: Apelidos:

NIF:

Teléfono fixo/móbil: / Fax:

Correo electrónico:

Enderezo para efectos de practica de notificacións:

No caso de actuar en representación:

Entidade mercantil que representa:

NIF:

Cargo:

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- Que o tratamento de datos de carácter persoal que se poidan realizar no marco da prestación deste contrato farase con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos) así como o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa nacional e da Unión Europea que resulte de aplicación nesta materia.
- Que respectará o segredo relacionado coa información que coñeza por razón das prestacións derivadas desta contratación, estando suxeita ao deber de confidencialidade ao que se refire o artigo 5.1 f) do Regulamento (UE) 2016/679 e o artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Esta obriga será complementaria dos deberes de segredo profesional de conformidade coa súa normativa aplicable. A información facilitada pola esta Fundación para a execución do contrato será única e exclusivamente utilizada para este fin. O tratamento de datos persoais realizase en base as previsións incluídas no artigo 6 do Regulamento Xeral de Protección de Datos de que o tratamento e necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento, o tratamento é necesario para a execución dun contrato no que o interesado e parte ou para a aplicación a petición deste de medidas precontractuais, así como a previsión de que o tratamento e necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

- Que como adxudicatario do contrato e na súa condición de Encargado do Tratamento tratara os datos de conformidade co establecido neste prego, no contrato e na normativa que se atope vixente en cada momento, protexendo debidamente os datos persoais.
- Que gardara sigilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.
- Que respectara o carácter confidencial da información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Así mesmo, facilitara o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da prestación contractual, a quen se comunicara a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial.
- Que non destinara os datos a outras finalidades, utilizando a información exclusivamente no ámbito desta relación contractual e para as finalidades previstas nela.
- Que non comunicará información, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro, sen autorización expresa do emisor (agás nos casos expresamente previstos na lei) e que esixirá idéntico compromiso ao persoal destinado a execución do contrato.
- Que en relación aos datos de terceiros comunicados a este órgano de contratación, garante que informou, previamente a súa comunicación, de canta información sobre o tratamento de datos ten a súa disposición, ou no seu caso obtivo os consentimentos necesarios para eximir a esta Fundación do cumprimento de obriga ningunha.
- Que aplicará medidas de cautela e protección para garantir a confidencialidade, a integridade e dispoñibilidade dos datos; medidas que garantan o cumprimento das obrigas como Encargado do Tratamento; medidas que aseguren o cumprimento por parte do persoal dedicado a execución do contrato, así como calquera outra medida esixida pola normativa vixente de aplicación.
- Que, no caso de cesión de datos, os servidores estarán situados en e os servizos asociados a eles prestaranse desde
- Que, comunicará calquera cambio que se produza, ao longo da vida do contrato, da información facilitada no punto anterior.

Sinatura e selo

ANEXO VII - PRESENTACIÓN DO LICITADOR E SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Código do Expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: /..... /.....

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA:

Nome: Apelidos:

NIF:

Teléfono fixo/móbil: /..... Fax:

Correo electrónico:

Enderezo para efectos de practica de notificacións:

No caso de actuar en representación:

Entidade mercantil que representa:

NIF:

Cargo:

DECLARO:

Primeiro. Que tendo coñecemento do anuncio polo que se admiten solicitudes de participación no procedemento restrinxido para a adxudicación do contrato anteriormente sinalado, acredito que cumpro os requisitos exixidos nos criterios obxectivos de solvencia para pode ser elixido candidato e manifesto a mina vontade de participar no procedemento (ou da empresa que represento).

Segundo. Que examinei e coñezo os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexeran esta contratación e acéptoos integramente e sen variación.

Polo que, **SOLICITO:**

A admisión ao proceso restrinxido para a adxudicación desta contratación.

Sinatura e selo: